

Alfaroleiros, de novo no Parque Luis Seoane



Artesáns chegados de toda España convirten este agosto de novo o Parque de Santa Cruz nun escaparate fermoso da memoria e o tempo. A feira coa que Oleiros homenaxea ó seu propio nome volve cos seus pucheiros e concita cada vez maior interés para veciños e visitantes. Este ano, ademáis un cartel musical de luxo: Avalon, Mercedes Peón, Frouma, o rock de Jacobo Paz e o grupo chileno Chico Trujillo. Tamén cinema: "El Señor de los anillos", baixo as estrelas.

Concello de  Oleiros

Ocioleiros

Unha proposta para o ocio nocturno dos mozos, con sorteos de viaxes a Europa e América.
Páxina 17

Vivir en Oleiros

Número 13
Agosto de 2002
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Este fin de curso confirmouse o bo camiño da futura Orquestra de Oleiros



Temos as mellores notas

■ Oleiros recibe decote as mellores notas en case todos os ámbitos de xestión: o urbanismo, a educación, a atención ós veciños, os niveis de calidade, os servizos sociais, a cultura...

Agora temos outro tipo de grandes notas, máis agarimosas: as que saen dos instrumentos musicais combinados co peito, as mans e a habilidade dos compoñentes da Escola de Música da Fábrica.

■ A futuras Orquestras de Oleiros estanse fraguando, tanto nas especialidades de corda coma de vento. Os resultados da Escola de Música puideron escoitarse no último acto de fin de curso, no Auditorio da Fábrica. Tamén a Escola de Danza clásica e contemporánea pechou brillantemente o seu curso.

Máis frecuencia de autobuses en Mera
Páxina 9

Seis anos despois da sentenza contra Gelo
Páxina 5

Un concelleiro do PP vertía aceite tóxico no alcantarillado de Icaria
Páxinas 14-15

O repaso habitual ás obras públicas en todo o Concello
Páxinas 10-11



A conselleira de Familia veu a Oleiros

Páxina 15



Manuela López Besteiro achegouse brevemente a Oleiros o pasado mes de xuño para clausuralo Obradoiro de Emprego Parque de Liáns.

Foi tarde, porque o PP acaba de nomeala candidata á Alcaldía de Lugo, pero polo menos deulle tempo a ve-lo noso Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo".

Como saber **donde está todo** en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 2

¿Cántos somos?



Os teus teléfonos

Teléfono do Veciño
Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde, ininterrompidamente
981 610 000

• Concello de Oleiros	981 610 000
Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.211
C. Recuperación fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24horas)	061
Centro de Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde S. Cruz	981 626 768

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
C. Cultural As Torres de Sta. Cruz	981 630 618
Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castelao, 5	
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 638 869
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 582
Casa Charry	981 631 444
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Casa da República. Rúa O Castelo. Oleiros	
Museo dos Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Pazo dos Vellos Arenaza	981 6312 40
Castelo de Santa Cruz	981 6306 18

Centros educativos

C. Formación Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Infantil Esquio / Dorneda	981 626 638
Escola Infantil A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Infantil O Vilar / Nos	981 664 257
Escola Infantil Vilanova / Nos	981 651 417
Escola Infantil O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
Escola Infantil O Castaño / Perillo	981 639 160
Escola Infantil A Pardela / Os Regos	981 631 788
Escola Infantil Río da Loba / Oleiros	981 611 544
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 638 903
Instituto María Casares / Bastiaqueiro	981 626 344
Colexio Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
Colexio Parqa Pondal / Sta. Cruz	981 614 967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialeada / Perillo	981 639 511
Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Meendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Federico García Lorca / Montrove	981 638 869

Servicios Varios

- Veterinarios**
Santa Cruz 626310
Gayacan 660635 /Vilanova
Saúde Animal 631651 /Os Regos
- Maquinaria de construción**
J.Barreiro 635474 /Oleiros
- Reparación coches e bicis**
J. Galán 610710 /Oleiros
- Fontanerías**
A.Taibo 614529 /Sta.Cruz
A.Guillín 631567 /Oleiros
J.Arca 617591 /Maianca
J.A.Barros 626689 /Dorneda
J.Costa 635735 /Sta.Cristina
A.Dominguez661108 /Nos
S.Fernández 638214 /Perillo
Fonelec 662744 /Nos
C.Suarez 638400 /Perillo
J.García 610339 /Oleiros
S.García 611039 /O Carballo
J.Gruero 636092 /Sta.Cruz

Transportes

TAXI a domicilio: Tlf. 981 651 111

Aeroporto de Alvedro	981 187 200
Estación autobuses A Coruña	981 239 099
Estación FFCC San Cristobo	981 153 338

AUTOSCALA PITA

Bus a **Nos**. De 6,30 a 21h, cada 15min., e de 21,30 a 22,30 cada 30min. / Sáb. de 7,30 a 22,30 cada 30min. / Dom. e fest. de 8,30 a 22,30 cada 30min.
Regresa De 7 a 21 cada 15m. e de 21,30 a 22,30 cada 30 min. / Sáb. de 8 a 22,30 cada 30 min. / Dom. e fest. de 9 a 22,30 cada 30 min.

Bus a **Sta Cruz-Sada**. De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 8,25 a 20,25 cada h., e ás 22h.
Regresa De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb. de 7,25 a 21,25 cada h., e ás 22 / Dom. e fest. de 8,25 a 21,25

Bus a **Sta. Cruz-Arillo-Rialta**. De 6,40 a 21,40 cada h. / Sáb. de 9,40 a 12,40 e 16,40 a 19,40 cada h.
Regresa De 7,10 a 22,10 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 10,10 a 13,10 e 17,10 a 20,10 cada h.

Bus a **O Carballo-Oleiros-Sada**. De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 6,55 a 20,55 cada 2hs / Dom. e tes. de 8,55 a 20,55 cada 2hs.
Regresa De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 7,55 a 21,55 cada 2 hs / Dom. e fest. de 9,55 a 21,55 cada 2 hs.

Bus a **Montrove-OsRegos-Oleiros**. De 6,05 a 21,05 cada h. / Sáb. de 8,05 a 20,05 cada h. / Dom. e fest. de 10,05 a 20,05 cada h.
Regresa 6,35 a 21,35 cada h. / Sáb. de 8,35 a 20,35 cada h. / Dom. e fest. de 10,35 a 20,35 cada h.

Bus a **Dorneda-Pousada**. 7,10-8,20-14,10-19,05 / Sáb. ás 7-10-21,10 / Dom. e fest. ás 9-13
Regresa ás 7,40-8,50-15-19,50 / Sáb. ás 7,35-10,35-21-45 / Dom. e fest. 9,35-13,35

Bus a **Perillo-Montrove-Oleiros-Soñeiro**. As 7,05 / Sáb. ás 8,05 e 14,05 / Dom. e fest. ás 10,05 e 14,05
Regresa As 7,30 / Sáb. ás 8,30 e 14,30 / Dom. e fest. ás 10,30 e 14,30

Bus a **Perillo-Sta.Cruz-Franzomel-Dorneda-Pousada-Oleiros-Soñeiro** De luns a venres ás 14,10 e ás 19,05
Regresa De luns a venres ás 14,55 e 19,45

Especial verán **Sta.Cristina** Tódolos días de 10,20 a 20,20 cada h • Regresa de 10,50 a 20,50

Especial verán **Sta.Cruz** Tódolos días de 10,05 a 21,05 cada h. • Regresa de 10,35 a 21,35

AUTOS ELISEO PITA

Liña A Coruña-Sta.Cruz-Mera-Lorbé-Sada Horarios: 7,30(non sáb.)-8,30-9,45(non sáb.)-10,45-11,45-13,45-17,15-20,15-22,30
Regresa 6,30(non sáb.)-7,30-8,45(non sáb.)-9,45-10,45-12,45-16,15-21,15-21,30

IDEAL AUTO

Esta empresa fai a rota da N-VI, con máis de 40 paradas na liña A Coruña-Betanzos, con saídas de A Coruña cada media hora. Outros moitos autobuses desta compañía tamén paran en Perillo, Nos e O Carballo.

- M.C.López 637010 /Sta.Cruz
- A.Martínez 611317 /Oleiros
- R.Mesias 660684 /Nos
- J.Novo 908084450 /Oleiros
- J.Pardo 631127 /Dorneda
- R.Pol 635325 /Perillo
- Instalacións eléctricas**
E.F.Orró 908584277 /Mera
R.Pol 635325 /Perillo
J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda
A.Vian 637254-908584691 /Perillo
- Albanelería**
J.M.Alvarez 617788 /Serantes
A.Arevalo 617243 /Dexo
J.Bao 635617 /Perillo
A.Barreiro 617887 /Maianca
F.Beltran 628373 /Lorbe
J.M.Bias 635811 /Perillo
J.Cagiao 626038 /Sta.Cruz
J.Cal 662449 /Oleiros
M.C.Carballo 631578 /Nos
Gomaño 666387 /Oleiros
O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz
J.M.Fernández 614990 /Arillo

Un concello vivo



101.5 FM

Toda a actualidade local
Informativos cada hora en punto durante a mañá
Axenda cultural cada hora (ás medias)
Seguimento da actualidade, os servizos municipais,
a vida veciñal e os deportes base
24h de música sen complexos

Faite oír sen ataduras.
Cóntanos o que queiras no **981 631 078**

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	24xull / 22ago / 21set / 21out
Mingua	1ago / 31ago / 29set / 29out
Nova	10xull / 8ago / 7set / 6out
Medra	17xull / 15ago / 13set / 13out

Farmacias

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

- TURNO 1** Están de Guardia do 2 ó 9 ago., e do 6 ó 13 set. A este turno pertencen:
Oleiros [Camillo D. Valiño, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 31]
- TURNO 2** Están de Guardia do 9 ó 16 ago., e do 13 ó 20 set. A este turno pertencen:
Mera-Serantes-Lorbé • **O Portazgo-Vilaboa** • **Cebre**
- TURNO 3** Están de Guardia do 16 ó 23 ago., e do 20 ó 27 set. A este turno pertencen:
Perillo [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**
- TURNO 4** Están de Guardia do 23 ó 30 ago., e do 27 set. ó 4 out. A este turno pertencen:
Nos • **Rutis** [Av. Vilaboa]
- TURNO 5** Están de Guardia do 26 xuñ. ó 2 xull. e do 30 ago. ó 6 set. A este turno pertencen:
Santa Cruz [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**

Servicio permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo

As mareas

Horas de domingos	
Preamares xullo	
Día 7	00,44 e 13,10
Día 14	05,58 e 18,18
Día 21	00,39 e 13,06
Día 28	05,36 e 17,52
Baixamares xullo	
Día 7	06,52 e 19,22
Día 14	11,55
Día 21	06,47 e 19,17
Día 28	11,36
Preamares agosto	
Día 4	11,43
Día 11	04,53 e 17,11
Día 18	11,57
Día 25	04,32 e 16,47
Baixamares agosto	
Día 4	05,16 e 17,59
Día 11	10,52 e 23,26
Día 18	05,32 e 18,14
Día 25	10,34 e 22,56
Preamares setembro	
Día 1	09,36 e 22,22
Día 8	03,48 e 16,05
Día 15	10,22 e 23,19
Día 22	03,34 e 15,47
Día 29	07,35 e 20,16
Baixamares setembro	
Día 1	03,05 e 16,02
Día 8	09,48 e 22,19
Día 15	03,51 e 16,47
Día 22	09,36 e 21,54
Día 29	01,11 e 13,56

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuníquenolo para poder subsanalo.



Alternativa dos Veciños / Ángel García Seoane

Seguiremos a traballar como ata agora

Despois de varias xuntanzas cos Grupos da oposición, nas que se lles explicou o por qué da necesidade do orzamento municipal para rexir a vida do Concello o presente ano, non foi posible chegar a acordo algún, debido a que os tres Grupos PP-PSOE-BNG converxen na mesma idea de bloquear ó Goberno co único fin de desprestixiar a nosa xestión e paralizar así o progreso de Oleiros e os intereses dos

seus cidadáns que serían, en definitiva, os que sufrirían as consecuencias do boicot do trío político.

Nós, desde o Goberno queremos comunicarvos que seguiremos a traballar como ata agora fixemos. Nada conseguirá paraliza-la actividade das asociacións veciñais e culturais impedíndolles obter as subvencións que tódolos anos prevemos para o desenvolvemento das súas actividades.

Ningúen poderá impedirnos que levemente ó Pleno a habilitación de créditos co orzamento prorrogado do 2001 para sufragar así as moitas actividades das APAS, A.VV, e entidades culturais e deportivas do noso Concello.

Ningúen poderá retrasar por máis tempo que presentemos ó Pleno as obras e servizos que temos proxectados para que os veciños camiñemos con seguridade

polas travesías e rúas dos núcleos onde residen.

Tampouco poderán impedir que sigamos asfaltando rúas nin que construíamos ou renovemos colectores de auga e saneamento, así como moitas outras infraestructuras necesarias e demandadas polos veciños.

Ningúen vai poder paralizar as actividades promovidas desde o Concello para os nosos maiores: excursións, cursos, xogos, festas...

Unha vez máis, e xa son varias, a mediocridade política dos nosos opositores ven a amosar o pouco que lles interesan os problemas dos veciños de Oleiros. Nós, desde a Alternativa dos Veciños, intentaremos impedir que logren o seu obxectivo, e para elo agardamos contar co voso apoio e comprensión.

“¿Ladran Sancho? ...cabalgamos”.



Partido Popular / Osvaldo García Díaz / Concejel del PP de Oleiros

¡Que salgan los cómicos!

PARANOIA: Grave trastorno mental caracterizado por sensación de recelo, ideas persecutorias, egocentrismo y falso concepto de lo demás. Las ideas delirantes del paranoico son por lo general firmes y bien sistematizadas; estos enfermos tergiversan los sucesos más vulgares de manera que se adopten a su sistema delirante. No existe alteración intelectual. La conducta y las emociones son aparentemente normales o ajustadas a los delirios (DICCIONARIO ENCICLOPÉDICO DURVAN)

Los paranoicos sufren alucinaciones visuales, auditivas y tienen pensamientos extravagantes, aunque en ocasiones pueden aparentar

una coherencia tal que convenza a los no avisados, sufren delirios pseudoreligiosos o pseudopolíticos que pueden convertirlos en cabeza de movimientos más o menos duraderos. (ENCICLOPEDIA TEMÁTICA CIESIA)

FASCISMO: Es un régimen personal, toda la autoridad del sistema queda concentrada en la persona del jefe, del dictador, cuya decisión priva sobre todos los demás órganos que quedan reducidos a una función asesora y en todo caso subordinada a la voluntad del jefe.

Es régimen plebiscitario siendo frecuentes sus apelaciones al pueblo mediante plebiscitos (DUVERGER: CARACTERÍSTICAS DEL FAS-

CISMO)

CALUMNIA: Es la imputación de un delito hecha con conocimiento de su falsedad o temerario desprecio hacia la verdad.

Las calumnias serán castigadas con penas de prisión de seis meses a dos años o multa de seis a veinticuatro meses, si se propagan con publicidad y en otro caso, con multa de cuatro a diez meses. (art. 205 y 206 del código penal vigente)

DE LA INFIDELIDAD EN LA CUSTODIA DE DOCUMENTOS Y DE LA VIOLACION DE SECRETOS: La autoridad o funcionario público que, a sabiendas, sustrajere, destruyere, inutilizare u ocultare, total o parcialmente, documentos cuya

custodia le esté encomendada por razón de su cargo, incurrirá en las penas de prisión de uno a cuatro años, multa de siete a veinticuatro meses e inhabilitación especial para empleo o cargo público de tres a seis años.

La autoridad o funcionario público que a sabiendas y sin la debida autorización, accediere o permitiere acceder a documentos secretos cuya custodia le esté encomendada por razón de su cargo incurrirá en la pena de multa de seis a doce años e inhabilitación especial para empleo o cargo público por tiempo de uno a tres años. (art. 413 y 415 del código penal vigente).

DAÑOS Y PERJUICIOS: La ley del

Régimen Jurídico de las Administraciones públicas y del Procedimiento Administrativo Común, extiende el deber de indemnizar a "toda lesión que los particulares sufran en sus bienes o derechos (art. 139) y que estos no tengan el deber de soportar usando la misma fórmula que el art. 106 de la Constitución, incluyendo el "lucro cesante" como afirma la jurisprudencia.

El domador está siendo devorado por sus fieras, contagiadas por su extrema excitación nerviosa, ya no temen al látigo ni les impresiona sus gritos de mando desesperados.

¡Qué salgan los cómicos! ¡Qué suene fuerte la música!, la función tiene que continuar, el circo nunca se para ...



Partido Socialista Obrero Español / Luis Vázquez / Grupo Municipal Socialista

O PSdeG-PSOE esixe que o goberno presente os orzamentos ó Pleno e cumpra así coa lei

Os orzamentos do Concello de Oleiros deben ser aprobados canto antes para facer as obras que precisan os veciños, e tamén para que tódalas asociacións do concello poidan contar coas axudas precisas para as actividades culturais, deportivas e sociais.

O Goberno Municipal ten a obriga

legal de presentar os orzamentos ó Pleno da Corporación para que poidan ser aprobados, naturalmente coas emendas que o Pleno estime oportuno por maioría. Os socialistas garantimos o noso apoio a tódalas partidas orzamentarias de obras e de subvencións ás asociacións, reservándonos unicamente

o noso dereito a presentar propostas de control ó Goberno, así como a propoñer máis obras.

Para os socialistas hai tres prioridades ás que debe responder o orzamento: carreteras, aceras e apoio ó deporte e ó ensino en tódolos niveis: educación infantil, primaria, secundaria, formación

profesional e novas instalacións universitarias.

Se non hai orzamentos é porque o goberno non os presenta ó Pleno. Non podemos escribir máis porque este é todo o espazo que nos asigna o Goberno.



Bloque Nacionalista Galego / Antón Tenreiro

Orzamentos prorrogados, fracaso do Goberno

A obriga dun goberno en minoría é asegurar a estabilidade mediante alianzas naturais que aseguren a gobernabilidade ao longo da legislatura para o beneficio dos cidadáns e na presente levamos un retraso de medio ano na aprobación dos orzamentos do 2001 e seis meses no presente exercicio.

A aprobación dos orzamentos é un éxito para o goberno, pero a súa prórroga supón un fracaso na súa capacidade de diálogo e negociación cos seus aliados naturais.

PSOE e PP actúan en Oleiros como partido único tentando gobernar dende a oposición, o que adúltera tamén a normalidade democrática.



O mar deixou a Lorbé sen catro mozos da nova xeneración de mariñeiros

Catro mozos mariñeiros...

A panxoliña fala de catro vellos mariñeiros. Pero hoxe tócanos lembrar a catro homes vizosos de Lorbé que nos levou o traicioneiro mar da Marola. Foi o día 11 de abril e xa non apareceron.



Un instante, un pequeno momento da faena, foi decisivo. Aquel día paralizouse a respiración en Lorbé, un pobo que asistía ó enterrado doutro mozo morto en accidente de circulación.

Catro fillos novos do norte do Concello, veciños da mesma illa da Marola, deixaban a vida no medio do Ártabro

Catro familias golpeadas e un pobo enteiro chorando por estes mariñeiros da xeneración de refresco, todos en torno ós 30 anos. Alberto, Luis Antonio e Óscar saíran coa súa lancha a levantar un diñeirño co froito do seu esforzo e zas! desaparecieron comidos polo océano.

Non era un día especialmente duro de mar ou vento, pero a desgracia acabou co pequeno Meloxeira. As teorías sobre o que debeu acontecer son diversas, pero a máis certa apunta a que no medio dunha manobra, un golpe de mar arrastrou todo o que había na cuberta, incluído-los homes.

Segundo os submarinistas que localizaron o buque, desaparecera toda a parte superior e só quedaba o casco, deitado sobre un banco de area nas Xacentes, en pleno Ártabro traicioneiro.

■ *A desgracia do Meloxeira ten que servir para preguntarnos quen se beneficia do avance tecnolóxico neste mundo tan inxusto*

¿Estamos no século XXI?

Son moitos os homes que morren no mar de Galicia. Son moitas as vidas, pero nen autoridades nen empresas parecen tomalo en serio. Nun país con tan grande flota de baixura, aínda ninguén atopou un chaleque salvavidas que compatibilizara a seguridade coa operatividade a bordo, pois cos chaleques homólogos que ofrece o mercado resulta imposible traballar.

Nestes momentos de desolación e desacougo, só achegamos a preguntarnos con raiba e entre bágoas: ¿Estamos no século XXI e non dimos desenvolvido unha tecnoloxía sinxela, operativa e útil para que os nosos mariñeiros deixen de morrer no mar, tan próximos á costa e vítimas dunha simple mal dada?

■ *A tecnoloxía aínda non foi quen de desenvolver uns adecuados chaleques salvavidas*

Pode que alguén nos acuse de malintencionados, pero ¿non será que a tecnoloxía sempre se pon de parte do diñeiro, dos poderosos, do poderío económico, dos dividendos das empresas, e nunca do lado da xente común, da parte feble do mundo...?

*Estes duros feitos revélanos ata qué punto os homes e mulleres do común somos vítimas dun mundo inxusto e perverso que medra con desequilibrios e despreza ós que menos teñen, que son tamén os que menos importan. **Ogallá teñamo-la conciencia e a forza suficiente para cambiar estas cousas. Estas sí que son as escuras forzas do mal.***

Duas obras desbloqueadas que se contratan xa

Cemiterio de Dorneda: fin da batalla

Ó final será o Concello quen contrate a obra do cemiterio de Dorneda. Na Deputación viron que esa era a mellor maneira de que este servizo tan necesario para os veciños da parroquia se levase a cabo canto antes, despois de tantos atrancos.

A obra será contratada para que dispoñamos canto antes do novo cemiterio e o entorno da igrexa completamente reformado, con lugares de aparcamento, un edificio para servizos funerarios, así coma un pequeno parque.

Pero quen máis vai notar este novo servizo van ser as familias de Dorneda, que verán como algún na parroquia deixa de facer negocio funerario.

Por fin conseguímo-lo Paseo de Mera

Despois de tantos anos, a fins de maio o BOE publicaba a licitación pública para construí-la primeira fase do Paseo de Mera, que conta coa ordenación da fachada litoral do pobo.

En principio, arranxan da capela de Santa Ana á Praza de Miramar, un anaco que costa algo máis de millón e medio de euros e ten un prazo de execución de 10 meses. Para a segunda fase queda a recuperación da franxa costeira desde Miramar ata a praia de Espiñeiro.

Toda Mera está satisfeita con este anuncio que supoñerá a construción dun paseo de madeira que non eliminará as vistas desde as terrazas, nen acabará cos parterres axardinados ubicados acarón das vivendas.

A cuestionada acción xudicial mantivo ó alcalde 6 anos apartado formalmente do seu cargo

Seis anos despois, Santa Cristina sigue libre de construcións

Unha sentenza polémica

Corría o ano 1996 e saltaba a noticia de que o alcalde de Oleiros, Angel García Seoane, tiña que deixa-lo cargo. Aquela polémica sentenza da Sección Primeira da Audiencia Provincial, executada o 18 de xullo de hai 6 anos, inhabilitaba a Gelo por un delito de prevaricación. **Ninguén entendía cómo a retirada, mediante un expediente de infracción, dunhas pedras depositadas na praia, podía dar lugar a semellante decisión.**

As denuncias de «Sancrisa»

Despois de diversos pleitos presentados contra o Concello e contra Gelo, os que se chamaban «donos» da praia, agrupados na sociedade «Sancrisa», e outros colaboradores lograban unha sentenza incomprensible. O obxectivo: eliminar a Gelo como alcalde.

Os «constantes ataques xudiciais»

A persecución xudicial que sufriu o alcalde a man destes grupos de especuladores que querían campar ás súas anchas en Oleiros, provocara tamén esta sentenza, ben distinta da aplicada o 18 de xullo do 96.

No ano 92, a sentenza 153 da Audiencia Provincial da Coruña (sección primeira), redactara un párrafo moi clarificador da situación: **“Que la querrela sólo responde a la torticera finalidad de paralizar un proceso expropiatorio o de desestabilizar políticamente a un Gobierno Municipal es algo evidente, pues en otro caso no podría llegar a comprenderse cómo son tantos y tan constantes los ataques que por vía judicial, ya sea civil, penal o contencioso-administrativa, se dirigen por la entidad querrelante contra el Sr. Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Oleiros”.**

Reacción solidaria ante o exceso

A reacción solidaria non se fixo agradar. De toda Galicia comezaron a chegar pronunciamentos de apoio a García Seoane e de rexeitamento a unha resolución xudicial que amenazaba con modifica-la política local dun Concello que xa naquel entón apuntaba como un lugar donde se facían as cousas doutro modo. A campaña solidaria de apoio a Gelo era ben elocuente e clarificadora. O seu eslogan dicía: “Culpable... de frenar ós especuladores”.

Ata moitos dos máis firmes detractores do movemento veciñal de Oleiros e mesmo do propio alcalde Gelo recoñecían en privado e públicamente que a sentenza ratificada polo Tribunal Supremo era un exceso cheo de prexuízos.

Hoxe, o puntal da praia de Santa Cristina é un fermoso parque dunar cheo de árbores por donde os cidadáns paseamos cada día. Pero, ó igual que a zona do Parque José Martí, para que chegara a ser completamente pública, os veciños libraron duras batallas ó longo dos últimos 20 anos.



O famoso «muro de mampostería granítica»

Unhas pedras espaxadas pola praia, perto dunha caseta ilegal eran o centro da polémica. Esas pedras eran consideradas pola sentenza como un “muro de mampostería granítica”, e ademais fóran retiradas con autorización da Demarcación de Costas do Estado de 20 de marzo do 89: “Visto el escrito de fecha de 15 de marzo del año en curso, que presenta el Ayuntamiento de Oleiros solicitando autorización para proceder a la limpieza y eliminación de escollos en la zona marítimo-terrestre de la playa de Santa Cristina, se resuelve acceder a la solicitud, con comunicación al interesado del presente acuerdo”.



A continuidade da Alternativa

Os agoiros de cambio no goberno municipal non se cumpriron, porque o movemento asambleario e asociativo reunido entorno á Alternativa dos Veciños elixiu a Gelo presidente da entidade para que as decisións do Goberno Municipal se seguisen tomando en asambleas abertas nas que participasen os veciños, e

que Gelo continuase liderando a política municipal como asesor da nova alcaldesa, Esther Pita.

Nas pasadas eleccións locais, ganadas pola Alternativa, facíase saber que a política municipal ía seguir coas liñas básicas establecidas desde que existen os concellos democráticos: decisións asamblearias,

control do Goberno por parte do movemento veciñal, xestión planificada e estratéxica do municipio, máxima disciplina urbanística, desenvolvemento avanzado e de calidade, respecto e coidado do medio ambiente, mantemento e potenciación da vitalidade cultural e apertura total á participación cidadán, e así está sendo.

Varias obras para o acondicionamento de lugares de interés sociocultural, educativo e turístico

Casa Guyatt para amplia-los servicios culturais da Fábrica; Casa do Fareiro como centro de interpretación ambiental; Casa Echeverry para mozos, voluntarios senior e persoas maiores; baixos de Bastiagueiro para deportes náuticos e os do Centro cultural de Montrove para actividades sociais.

Máis espazos para as enerxías cidadáns



Casa Echeverry

Casa Echeverry, para unha vontade do corazón

■ *Voluntarios senior terán aquí unha sede para guiar visitantes e entregarse a actividades nas que poidan sentirse útiles*

Din que a experiencia é un grao. Co pasar dos anos imos adquirindo a madurez necesaria para supera-las dificultades que se nos presentan na vida. "Los Decanos" é unha sociedade composta por xente con anos e duro trafego pola vida. Retirados do esforzo co que se foron abrindo paso polo mundo, queren seguir aportando o seu pequeno grao de area para facilitarnos a convivencia en Santa Cristina. "Los Decanos" aportarán a voz da experiencia para sernos útiles na vida cotiá.

Non queda moito para que se poña en funcionamento esta primeira agrupación da terceira idade. Os salóns da Casa Echeverry estarán dispostos e as súas portas abertas para que tódolos maiores teñan un lugar no que entreterse e pasalo ben.

Pero non queda aquí a cousa. Este grupiño de xente vai máis aló dunha simple asociación para xubilados. O seu principal obxectivo é o de asesorar de xeito desinteresado. Colaborar tanto cun visitante que esté desorientado coma procurar que se

cumplan as normas de hixiene que deben imperar na vía pública, parques, etc.

Casa Echeverry abrirá as súas portas a tódolos que ata alí se queiran achegar. "Los Decanos" acollerán cos brazos abertos ós que soliciten un consello, unha orientación, ou tomar unha taza de café nunha agradable compañía.

Ademáis, tódolos maiores de sesenta anos poderán formar parte do seu grupo. Para atendelos están o seu presidente, Ramiro García, o secretario Emilio Lozano Juan ou os vocais José Rodríguez e José Pernire.

Novo enderezo do Notario de Oleiros

O Notario que antes se atopaba na Praza da Rabadeira de Oleiros trasladou o seu despacho á

Rúa do Inglés, 5, baixo, de Perillo.



PERILLO

Máis Fábrica en Guyatt

Casa Guyatt é o último edificio do complexo cultural A Fábrica que está sen remodelar, xa que cando se restaurou o conxunto aínda permanecía habitado. Instalaráanse as oficinas de Deportes e espazo para outras actividades sociais que teñen lugar alí.

MERA

Casa do fareiro

A antiga vivenda do fareiro de Mera volve a ser contratada, porque o concurso anterior quedara deserto. O proxecto é do arquitecto César Portela, para un aula de interpretación do Monumento Natural de Dexo-Serantes.

Estrada dos Faros

A Autoridade Portuaria trapása-a ó Concello. Arránxase con arcéns e aceras, por valor duns 100.000 euros (16,6 millóns de pts.). Para calquera permiso, obra, etc., xa non hai que ir á Coruña: todo poderá resolvelo o Concello.

BASTIAGUEIRO

Máis espazo para Náutico

O segundo oco que quedou baixo o paseo, destinado a actividades náuticas. O primeiro xa está reformándose. Ambos serán destinados a almacéns e centro de dinamización deportiva relacionados coa praia e o mar, para os que practiquen deportes náuticos. A reforma costa arredor de 6.850 euros.

MONTROVE

Baixos do C. Cultural

Quedara pendente cando se construeu esta casa do pobo, a última e máis moderna das 9 coas que conta o municipio. Arránxase a pranta baixa para cursos, convivencias, obradoiros, actividades físicas... O importe ronda os 21.500 euros.

NOS

Campo da festa

A finca entre o Pazo da Carballeira e a curva da estrada de Abegondo, de 4.000m², arránxase como campo da festa e actividades lúdicas organizadas polos veciños. Costa 30.000 euros (5 millóns pts.)

O Concello xa interviu nas igrexas de Serantes, Liáns, Maianca, Mera, Lorbé e Dexo

Restauracións espirituais

■ *Os entornos das Igrexas de San Xurxo de Iñás e San Pedro de Nos serán melloradas para comodidade dos feligreses*



San Xurxo de Iñás



San Pedro de Nos

Os adros das igrexas de San Xurxo de Iñás e San Pedro de Nos serán sometidos a unha transformación que realzará os edificios relixiosos tan frecuentados por numerosos veciños.

Tamén se repararán algunhas deficiencias que actualmente se detectan. Estes espacios serán igualmente dotados de mobiliario urbano e iluminación artística, que os farán máis agradables e integrados no seu entorno.

A solicitude de arranxar estes lugares foi cursada polo párroco das dúas parroquias, e avalada por numerosos veciños. Os equipos técnicos de obras públicas están xa a redacta-los proxectos de obras, que consistirán en organizar novas drenaxes e dispoñer aceras, iluminación e mobiliario.

En Nos, ademáis, ampliarase o actual adro trala eliminación dun muro que existe á entrada do cemiterio, que deixará ver unha pequena plazoleta diante da necrópole. Tamén se aproveitará para mellora-los accesos entre os cemiterios parroquial e municipal.

As obras servirán tamén para eliminar algúns defectos que hoxe provocan as filtracións de auga que hoxe se rexistran cara ós solos de ámbalas igrexas.

O Concello completa así unha morea de reparacións que beneficiaron numerosas igrexas e capelas do municipio. Desde a gran obra de reconstrución que se fixera na igrexa románica de Dexo —desmontada pedra a pedra e volta a edificar co mesmo material— ata o proxecto agora en fase de contratación da construción do cemiterio de Dorneda, que inclúe tamén o adecentamento do entorno eclesial.

Outras intervencións fóron a última realizada na igrexa de Serantes, o entorno da vella igrexa de Liáns, a restauración de Santa Ana de Mera, e o adecentamento dos entornos intimistas das capeliñas de San Cosme de Maianca (ver última páxina deste número) e San Paio de Montrove.

Duas obras para mellorar

Avanza a construción do novo edificio municipal e xardín

O novo edificio do Concello, ubicado mesmo enfrente do actual, estará listo en xullo, se todo vai como foi previsto.

Ten unha superficie de 600 m², suficientes para acoller con comodidade para traballadores e veciños as áreas de Obras Públicas e xestión económica, liberando así dúas zonas do edificio principal do Concello que serán empregadas en ampliar outros servizos.

A administración municipal estará así dividida en tres edificios, xa que Policía, Cultura, Servizos Sociais, Consumo e Arquivo ubícanse en dúas áreas do Edificio Obelisco, nun dos marxes do Parque Rigoberta Menchú.

A nova instalación aporta a Oleiros 2.000 m² máis de parque, que se incorporará á actual Praza de Galicia.

Haberá un novo xardín público de 2.000 m²

■ *Obras Públicas e Xestión Económica quedarán ubicadas no novo edificio*



Restauración do Repicho

A rúa do Repicho, lista

Os veciños do Repicho, en Santa Cruz, están a comprobar por qué pagou a pena agardar a que o Concello embarcase á Deputación nesta obra que deu de sí tanta polémica. O Concello quería darlle o tratamento especial que merece unha rúa urbana tan senlleira para Santa Cruz.

Así, temos unha vía semi-peatonal, con acceso rodado só para servizo de garaxes, que en realidade é un paseo urbano ben iluminado, con ambientación vexetal, coidado pavimento de granito e mobiliario urbano integrado e uniforme. Unha fermosa vía de acceso peatonal ó Paseo Marítimo e máis ó Castelo, xa que case desemboca na pasarela.

Aumentaron os beneficios dun particular modificando un Plan

¿Qué hai detrás?


O polígono de Iñás está promovido pola iniciativa privada de máis de 40 propietarios.

Moitos preguntáanse de qué volume serán os intereses en xogo como para que se paralizase a aprobación definitiva dun Plan como este, para incluír unha finca particular que no PXOM non figuraba dentro do ámbito.

¿Qué pensarán os propietarios limítrofes que tamén queiran formar parte do Polígono?

O Polígono de Iñás permitirá o desenvolvemento empresarial e traerá como consecuencia centros de postos de traballo, ademais de rede viaria, un viveiro municipal de empresas, zonas verdes e novos equipamentos.

PP, PSOE e Bloque logran recalificar unha finca en Iñás



Os grupos municipais do PP, PSOE e BNG, coa colaboración da Xunta, lograron colar no polígono industrial de Iñás a recalificación dunha finca que ata agora figuraba no Plan de Ordenación Urbana como equipamento comunitario da parroquia.

A finca fóra donada ó Concello por unha veciña de Iñás a finais do século XVIII para a creación dunha escola ou para a financiación dos

materiais da mesma. Naquel momento, a finca tiña un levador, que pagaba ó Concello en especies como trigo, millo, etc., ata 1956, segundo constaba en documentos e inventarios municipais.

En 1978 foi vendida polos levadores sen que a Corporación Municipal daquela época fixera nada por impedi-lo.

Pero agora, o propietario desta finca moveuse para

incluíla no ámbito do Polígono, aumentando moito o seu valor, xa que pasa a ter un aproveitamento urbanístico que ata agora non tiña.

O Goberno Municipal limitouse a aplica-lo Plan Xeral, pero moitos votaron man da demagogia dicindo que «excluíamos» esta finca do ámbito. Pero a finca estaba considerada equipamento no PXOM, polo que o que fixeron foi «incluíla» eles, incrementando o seu valor considerablemente.

Vivendas a prezos reducidos

Comezaron a construí-la urbanización pública do Carballo



No Mesón da Auga comezou por fin a construción dunha promoción pública de vivendas. Son 185 casas e pisos en plena Av. das Mariñas (N-VI).

Hai vivendas de varios prezos, todas de promoción pública e suxeitas ás facilidades que para a adquisición da vivenda ofrecen as administracións que teñen

competencia para isto, que como sabes son a Xunta de Galicia e o Goberno Central.

Desde o Instituto Galego da Vivenda e Solo confirmáronnos que en breve tempo ofrecerán información sobre a adquisición destas vivendas. As persoas interesadas

Novo depósito na Edreira, mellor subministro

Está en funcionamento o depósito de auga da Edreira, unha instalación con capacidade para 3.000 m³ moi perto do núcleo de Sta. María de Oleiros, no que se invertiron algo máis de 300.000 euros (uns 50 millóns de pts).

O novo depósito completa as necesidades para abastecer con calidade e abundancia a tódolos veciños. Os veciños de Nos e parte de Liás son os que máis van nota-la melloría, xa que o novo depósito abastece sobre todo a outros dous construídos recentemente en Nos e Montrove, en cotas máis baixas que o da Edreira, beneficiando especialmente á zona alta de Oleiros.

O subministro queda garantido así a medio e longo prazo, xa que nos últimos 12 anos foi construída unha rede de 8 depósitos en diferentes lugares para que os cidadáns tivesen sempre un servizo público de alta calidade.

Enche-las piscinas de noite
O Goberno Municipal aproveita para lembra-la conveniencia de enche-las piscinas e rega-los xardíns en horario nocturno para non perxudica-la forza da auga ó resto dos veciños.



O novo depósito da Edreira

Outras promocións en marcha

Actualmente están en diferentes fases de construción tamén as seguintes promocións:

- As Galeras (Bastiaqueiro). 30 pisos de prezo taxado.
- Romardeiro (Bastiaqueiro). 48 vivendas de prezo taxado.
- O Graxal, perto da N-VI. 16 pisos de prezo taxado dos que xa foi presentado o proxecto.
- A Cova, en Oleiros. 24 vivendas de V.P.O.
- **Máis información, no Teléfono do Veciño: 981 610 000**



A rúa permitirá maior fluidez de tráfico entre Darwin e Che Guevara

Fonte Leocadia mellora Sta. Cristina

A zona de Santa Cristina entre a Av. Che Guevara, a rúa Darwin e a praia experimentará unha significativa transformación ó abrirese unha nova rúa. Fonte Leocadia, hoxe unha corredeira tra-la antiga Clínica Tilve, será convertida nunha ampla vía pública de 12 m de ancho, para revitalizar e dar novos folgos a esa zona.

O Goberno Municipal chegou a un acordo con tódolos propietarios que dan á vía, que cederon o solo necesario para acomete-la obra, excepto un, co que se utilizarán outros procedementos.

A nova rúa da Fonte Leocadia terá unha calzada de 6m, flanqueada por aceras de 2m en cada lado e unha zona de aparcamento de 2m de ancho nunha soa marxe. Tamén se aproveita a obra para canaliza-la rede de telefonía existente eliminando os postes actuais, e se constrúen dúas redes novas de saneamento: unha de pluviais e outra de fecais.


O proxecto conta tamén cun acceso peatonal á praia desde a nova vía pública, perto do edificio da Tilve, hoxe balenario urbano.

Novo aparcamento

Está igualmente en perspectiva a inminente construción nesta zonas dunha nova promoción inmobiliaria que incorpora un novo aparcamento soterrán ubicado tra-la antiga clínica Tilve, co que se culmina a rexeneración urbana desesa área hoxe incompleta.

Conexión con Che Guevara

Esta zona de Perillo veráse tamén potenciada por unha pequena obra de reordenación do tráfico pola Av. Che Guevara para dotala dun novo carril de acceso e incorporación da rúa Darwin, o que facilitará a circulación rodada e a incorporación a Santa Cristina.



Rúa do Inglés, peatonal

A rúa do Inglés, que vai da Glorieta de Santa Cristina ó centro cultural A Fábrica e a urbanización Guyatt, queda peatonalizada para evita-los problemas de circulación que se viñan dando.

O parking público da Glorieta facilita ós usuarios da Fábrica un bono especial de 5 euros por 10 estadias de hora e media. Só se permite a circulación de automóviles de servizo do centro e os veciños da rúa.

■ *Tódolos propietarios menos un cederon o terreo para a ampliación de Fonte Leocadia*

Os veciños terán un servizo máis frecuente


Máis autobuses ata a Lagoa de Mera

Cada hora poderán collese autobuses en Mera para dirixirse a Sta. Cruz, Perillo ou A Coruña.

O Concello presentou ante a Dirección Xeral de Transportes da Xunta un proxecto de ampliación da liña que agora chega a Arillo, para dar servizo ó interior das parroquias de Dorneda e Maianca, e rematar no lateral do Parque da Lagoa.

Os veciños poden así servirse dos autobuses que cada hora se achegan a Arillo, contando así con máis frecuencias que as actuais, que só contan cos que veñen de Sada pola costa.

A nova liña nace en Arillo, de donde sae pola estrada de Meirás, desvíase cara a Broño, de alí ó Regacho e aproxímase a Mera ata A Lagoa.



■ *A prolongación polo interior da liña que agora chega a Arillo fará posible esta nova frecuencia*

Promoción urbana entre Curros Enríquez e a Lagoa

Duas actuacións urbanas están a desenvolverse en Mera para rexenera-la franxa que queda entre o parque da Lagoa e a estrada de Veigue (rúa Curros Enríquez).

A inminente desaparición da depuradora de augas residuais fará posible edificar naquel contorno, o que dará un novo pulo á poboación costeira do norte, que na actualidade está en plena transformación coa construción do Paseo Marítimo, novas promocións en Cividanes e Canide, e a futura ampliación do Parque da Lagoa, escenario urbano que mellorará moito coa recente contratación do seu mantemento.

Oleiros non para de mellorar en todo o municipio

As obras que podes ver

Pese ás dificultades burocráticas que pretende impoñernos a oposición, estas obras están en marcha, unhas xa comezadas e outras pendentes de iniciarse. Pregamos disculpas polas molestias que vos poidan causar.

■ O Couto Dexo-Lorbé

Andén peatonal: preparase o terreo, constrúese a rede de pluviais e habilitase o espazo. Costa 24.000 euros (4 millóns de pts.)

■ Mera Casa do Fareiro

Rehabilitase a vella residencia para Centro de Interpretación do Litoral de Dexo e Serantes, por 204.000 euros (34 millóns pts.)

■ Zonas comerciais

Habilitanse e sinalízanse zonas comerciais en varias zonas, por 5.500 euros (915.000 pts.)

■ Sta. Cruz Cruce gasolinera

Regulación semafórica, pintado e pulsador en semáforo de Coruxo, por 11.500 euros (2 millóns pts.)

■ Oleiros c. do Concello

Novos aparcamentos, mobiliario urbano, etc. para incorpora-la nova zona verde. 40.886 euros (6,8 millóns pts.)

■ DEXO Sumidoiros

Rede no tramo urbano da Rúa Castromén, coa colaboración dos veciños. 27.760 euros (4,6 millóns pts.)

■ Pantallas electrónicas

Instálanse en cruce Sol y Mar, rotonda Sta. Cristina e centro de Sta. Cruz. Costan 74.562 euros (12,5 millóns pts.)

■ Montrove Colector

Reponse un tramo, para evitar molestias ós veciños da zona Videlba e mellora-lo servizo.

■ Costa Norte Sendeiro

Sinalízase o itinerario medioambiental OL-1, por valor de 11.800 euros (2 millóns pts.)

■ Montrove Semáforo

Mellórase así a saída desde Casares Quiroga e Salvador de Madariaga á xeral. 30.000 euros (5 millóns pts.)

■ Perillo Novo carril

Entre Darwin, Neira Vilas, novo carril en Che Guevara para mellora-la fluidez do tráfico. 10.000 euros (1,6 millóns pts.)

■ O Seixal Parque

Melloras no mobiliario, pavimentación de rúas e renovación da tubería da auga. 49.000 euros (8,1 millóns pts.)

■ Os Carballos Dexo

Alcantarillado en colaboración cos veciños. Costa 10.000 euros (1,7 millóns de pts.)

■ J.Herrero Dexo-Lorbé

Andén entre O Cubo e Lorbé, para peatóns e ciclistas. Costa 60.000 euros (10 millóns de pts.)

■ Maianca-Serantes

Peche con travesas de dous espazos: o regacho de Maianca e unha zona do Seixo Branco. 39.000 euros (6,5 millóns pts.)

■ Edreira-Real Oleiros

Aceras na avenida Núñez Montero, entre o centro e A Edreira. Aproveitase para renova-la tubería da auga. 150.250 euros (25 millóns pts.)

■ Canalizacións

Tuberías en rúas Armental, Bartolomé de las Casas e S. Allende, en Nos; e O Cruceiro en Oleiros, por 74.000 euros (12,3 millóns pts.)

■ Mera Aceras

Entre Pinar do Río e A Perla, por 51.000 euros (8,5 millóns pts.)

■ Av. do Mar Andén

Entre Aguieira e Breixo, e se aglomera toda a estrada. Os veciños cederon o solo.

■ Romardeiro Andén

Entre Romardeiro e Lóngora, na Av. Casares Quiroga, ata cemiterio e Igrexa. Costa 55.000 euros (9 millóns pts.)

■ Arillo Andén

Unirá Lourido Pequeno, Arillo e cruce de Abeleiras, cofinanciado pola Xunta, titular da estrada. Costa 70.000 euros (11,6 millóns pts.)

■ Serantes Andén

Entre a Igrexa parroquial e Agra, cofinanciado pola Xunta, titular da estrada. Costa 60.000 euros (10 millóns pts.)

■ Perillo Rosalía Castro

Andén entre Rialeda e a Escola das Pedras, cofinanciado pola Xunta, titular da estrada. 55.000 euros (9 millóns de pts.)

■ Perillo Che Guevara

Construción de acera entre Orllinda e a curva de Nirvana, con novo colector de auga potable, por valor de 120.000 euros (20 millóns pts.)

■ As Galeras Liáns

Comeza a construírse a segunda fase da urbanización, de promoción municipal, financiada polos propietarios e o Concello. 9,3 millóns de euros (156 millóns de pts.)

■ Sta. Cristina Glorieta

A remodelación habilitará novos aparcamentos e carril de acceso á Corredoira das Viñas. Costa 53.000 euros (8,8 millóns de pts.)

■ Pr. Libertade Nos

Novo xardín nunha anexa á Casa do Pobo, e aceras. 51.000 euros (8,5 millóns de pts.)

■ Mobiliario urbano

Invirtense 39.000 euros (6,5 millóns de pts.) en: Salvador Allende, María Pita, O Castelo, Maianca, Xardín de Nos, Pazo Arenaza, Broño, Concepción Arenal, Casa do Pobo de Liáns e Lamastelle. Inclúense bancos, papeleiras, bolardos, paneis de sinalización, etc.

■ Alumados públicos

En Perillo, un tramo do Clube de Regatas na **av. das Américas** e na av. de Sta. Cristina. Tamén se mellora o alumado das rúas **Neira Vilas** e **A Barreira**, que se atopaba defectuoso, así como o do xardín da **Biblioteca Rialeda**.

En Santa Cruz, mellórase o alumado dos porches da **praza circular de Liáns**. Tamén se realizan no **Sendeiro** e **Rúa Maside**, entre o cruce das Pedreiras e O Carballo, na parroquia de Nos.

En Dexo, nas rúas **Golfiño** e **O Pinar** e a urbanización **A Granxa**.

En Serantes-Maianca, na Casa do Pobo de **Mera**, e en **Castro da Groba** (Xoez).

Na parroquia de Dorneda, na rúa **Viñas de Babilonia**, **Pardo Bazán**, zonas de Franzomel e Abeleira de Arriba e **Benito Feijoo**. E en Nos, rúas **Xílgaros**, **As Pitas**, **Benito Vicetto** e **Salvador Allende**.

Obras en contratación

Están en período de contratación un certo número de importantes obras que verán a luz próximamente.

■ Capas rodadura

En varias parroquias

Renovación dos asfaltos das rúas Regueiro Escuro, O Pombal, Valle Inclán, Os Álamos, Francisco Comesaña, Blanco Amor, Santiago Álvarez, Rafael Dieste, por importe de 188.000 euros (31,2 millóns de pts.)

■ Santa Cristina

Pavimentación rúas

Acométese a primeira fase destas obras, coas rúas Humboldt, Linneo e Av. das Américas.

■ Nos

Urbanización O Valiño

Acondicionamento deste espazo para dotalo de tódolos servizos urbanos.

■ Montrove

Parque da Capela

Consolidación das ruínas do vello Pazo do Parque da Capela de Montrove.

■ Dorneda

Cemiterio

Construción do camposanto, unha vez desbloqueado por parte da Deputación.

■ Santa Cristina

Rúa Fonte Leocadia

Apertura da rúa, unha vez que tódolos veciños menos un cederon o terreo para eso.

■ Oleiros-Liáns

Andén Oleiros-Sta. Cruz

Construción deste andén que decorre polas rúas Venezuela e A Ferrala, por 119.230 euros (19,8 millóns pts.)

■ Serantes

Andén Mera-Xoez

Realización deste andén e aceras en zona urbana, na rúa Celso Emilio Ferreiro e posterior asfaltado, en convenio coa Autoridade Portuaria. Costa 100.000 euros (16,6 millóns pts.)

A oposición segue intentando paraliza-lo Concello, impedindo os Presupostos do 2002

Queren impedirnos face-las obras que Oleiros necesita

Aínda que non teñamos Presupuesto este ano, o Concello non parará. O Goberno Municipal da Alternativa dos Veciños garante que seguiremos adiante atendendo as necesidades dos veciños co Presupuesto prorrogado do 2001.

Sen Presupuesto será máis dificultoso sacar adiante as inversións previstas. O Goberno Municipal levará ó Pleno paquetes de obras para a súa aprobación, unha vez que vaiamos contanto cos ingresos necesarios para levalas a cabo.

O Goberno Municipal da Alternativa dos Veciños tiña listo o documento xa en abril. Entón comezaron as

reunións co resto dos partidos para que estes realizasen as súas propostas e poder incorporalas, para presenta-lo Presupuesto no Pleno con garantías de aprobación.

Pese á vontade de diálogo demostrada polo Goberno Municipal, o resultado foi decepcionante: BNG e PSOE quixeron suplanta-lo Presupuesto con demagogia

e propostas de imposible execución.

O PP, en principio mostrou máis proclive a unha negociación seria, pero despois abandonou, afogado na súa propia crise interna. Ó final parecía todo un engano dilatorio para entorpece-la execución das obras.

O que busca a oposición é impedir que o Concello funcione con celeridade e

eficacia, respondendo ós ambiciosos retos que o Goberno Municipal se impuxo para este ano, e que consisten no investimento case 10 millóns de euros (uns 1.600 millóns de pts.) en diferentes obras públicas entre as que destacan as relacionadas coa seguridade viaria (construción de aceiras e arcéns).

As axudas de Cultura

O colmo da demagogia correspondeu ó representante do BNG, que en pleno bloqueo presupostario, denuncia que o Concello é lento á hora de abonar as subvencións de cultura e educación deste ano. Unha lentitude que é directa consecuencia da paralización das contas que están provocando sobre todo, o mesmo Bloque, da man do PSOE.

Non obstante, os representantes das entidades saben que cobrarán. A proposta de abonamento foi levada a un Pleno, con outros asuntos que se incluían no Orzamento do 2002 bloqueado pola oposición para perxudicar ó Goberno Municipal, e en consecuencia a tódolos veciños.

Algunhas das obras incluídas no Presupuesto 2002

■ Edificios públicos

- Restauración da Casa Guyatt
- Conversión do Cuartel Mera en auditorio
- Novo auditorio Municipal en Bastiagueiro
- Reparacións en varias Casas do Povo
- Pinta-la Casa do Povo Iñás
- Pinta-la Casa do Povo Mera
- Pinta-lo Centro Cultural As Torres
- Cubri-la Polideportiva de Lorbé
- Adecua-las Naves A Fábrica para a ampliación das escolas de Música e Danza
- Obras e equipamentos das futuras ludotecas
- Acondicionamento entornos das Igrexas de Nos e Iñás
- Peche baixo Casa da República
- Ascensor e calefacción C. Cultura de Perillo

■ Compra de solo

- Terreos paseo Mera
- Parque Metropolitano
- Terreos Paseo Naval
- Terreos para aceiras

■ Saneamento

Renovación Redes de auga:

- Rúa da Néveda
- Rúa da Rula
- Urbanización Rialta

Alcantarillados:

- Rúa Os Pingóns (Nos)
- Franzomel - Gaiteira (Liáns)
- Campamento-Fte. do Ouro (Iñás)
- Rúa Castromén
- Reposición colector Montrove-As Pedras
- Mellora Regos-Coruxo
- O Toural (Serantes)
- Alto de Cabreira
- Rúa do Castro (Iñás)

■ Fontes e lavadeiros

- Río da Gándara (Nós)
- Fonte da Carmiña (Nós)
- Lavadeiro do Couto (Dorneda)
- Fonteornela (Dexo)

■ Asfaltados

- Rúa Pascual Veiga (Nos)
- Rúa Fontiña (Dorneda)
- Vista Alegre - Lóngora (Perillo-Liáns)
- Carreira Cova (Liáns)
- A Cruceira (Dorneda)
- As Cerdeiras (Liáns)
- O Esqueiro (Dorneda)
- Río do Seixo (Sta. Cruz)
- O Atallo (Liáns)
- Castro da Grova (Serantes)
- Mosqueiro (Liáns)
- O Castro (Serantes)
- O Real (Dexo)
- Rúa Salgueiros (Dorneda)
- Rúa dos Pingóns (Nos)

■ Aglomerados

- Rúas de Sta. Cristina (Humboldt, Linneo, Méndel, López Seoane, Av. Sta. Cristina e Av. das Américas)
- Rúa Leocadia (apertura)
- Rúa Francisco Comesaña
- Rúa Rafael Dieste
- Rúa Blanco Amor
- Rúa Pombal
- Daniel Castelao (Liáns)
- Eduardo Pondal (Liáns)
- As Atochas - A Igrexa - Campo da Vila (Iñás)
- Mantemento vexetal e camiños P.M. de Dexo
- Apt. Camiño Real Oleiros-Montrove
- Rúa Regueiro Escuro (Nos)
- A Gándara (Nos)
- Rúa Os Álamos
- Rúas Parque Luis Seoane

■ Aceras e arcéns

- As Torres-Franzomel. 2ª Fase (Liáns)
- Vilanova- As Grovias. esq. (Nos)
- O Cubo-Aba. dta (Dexo)
- Orlinda-O Polvorín. esq (Perillo)
- O Piñeiro-Fonte do Ouro. dta (Oleiros)
- Campamento-Fonte do Ouro. esq. (Iñás)
- Montrove-As Pedras. esq (Liáns-Perillo)
- Regos-Colexio Rabadeira. esq (Oleiros)
- A Pezoca-Xubín-Igrexa. esq (Oleiros)
- Choupana-Igrexa Lians. esq (Liáns)
- A Lagoa-O Regacho. esq (Maianca)
- Carril-bici Breixo-Canide. esq (Dorneda)
- Acera O Piñeiro-Charry. dta (Oleiros)
- Acera Vilar-Vilanova. esq (Nos)
- Acera estr. Vella Sta Cruz. 2 mans (Liáns)
- Acera Choupana-C. Social. 2 mans (Montrove)
- Acera Breixo-Canide. esq (Dorneda)
- Acera Arenaza-Fontes (Iñás)
- Carril bici Canide-Mera
- Aceras avenida Valle-Inclán
- Arcén Pousada-Igrexa (Oleiros)
- Acera A Cova-Av. Núñez Montero (Oleiros)
- Arcén Abeleiras de Arriba - Abeleiras de Abaixo
- Arcén Campomar-Babilonia

■ Outras inversións


- Peche do Campo da Festa de Dexo
- Peche Colexios Oleiros e Canide
- Servizos exteriores Pavillón de Canide
- Mellora e ampliación do recinto escolar de Canide
- Novos espazos para contenedores
- Tertulianos en Rialta, Mera, Caavamontes, Nos e Regacho-Maianca
- Semáforos no Seixo (N-VI) e no cruce cara a Soñeiro (Oleiros)
- Equipo informático para a rede de Bibliotecas
- Obras e melloras no Campo de fútbol de Iñás
- Alumeado na rúa Escondite-Codesal (Liáns)
- Alumeado na Prova (Dorneda)
- Ampliación Pr. do Arxentino (Mera)
- Reparación rasante costa Maianca
- Reparar camiño Broño-A Besta
- Reparar rúa Fonte do Espiño-Os Regos
- Accesos varios a Franzomel
- Mobiliario para parque da Lagoa-A Pía
- Paneis informativos en diversos lugares
- Equipos informáticos para AA. Veciños
- Xogos infantís Parque Caavamontes
- Marquesina Rúa Ícaro
- Alumado O Rueiro, en Pousada

■ Levaremos ó Pleno paquetes de obras para non paraliza-los avances

O Parque chegará a ter case medio millón de metros cadrados

O Parque Metropolitano ou Parque Liáns medra cada ano coa incorporación de máis superficie a este triángulo verde entre Perillo, Santa Cruz e Montrove. Boa parte do Parque é xa propiedade veciñal.

Medra Parque Liáns



En verde máis claro, as áreas públicas do Parque Metropolitano

A superficie pública do Parque Liáns medra constantemente, de tal xeito que chegará a ter case medio millón de metros cadrados, xa que cada ano incorpora máis.

Hoxe, ademais do entorno da vella igrexa barroca de Liáns ó que recentemente se incorporaron novas superficies, xa é público un ámbito que vai desde a

zona do Pazo de Lóngora ata a igrexa, ademais dunha finca na zona da Choupana, boa parte da ladeira que cae cara a Bastiagueiro, e as propiedades da Deputación donde actualmente se asentan o estadio do INEF e o parking de Bastiagueiro.

Nesa zona, Parque Liáns conecta coa traspraia de Bastiagueiro, un territorio

tamén liberado para o disfrute público.

Está en fase expropiatoria unha gran superficie de terreo lindante co camiño do Pazo de Lóngora, á dereita da Av. Casares Quiroga estrada que vai de Santa Cruz a Montrove.

Aínda que fóra do ámbito do Parque, pero moi próxima a él, tamén pode visitarse e

pasearse unha finca de enorme interese forestal situada entre Romardeiro, a traseira do instituto María Casares e a Av. Casares Quiroga.

Trátase dun espazo recentemente habilitado coa incorporación de rótulos cos nomes das diferentes especies e paneis divulgativos para coñecer máis sobre elas.

As zonas verdes do Concello mellorarán

Contratada a xestión dos parques

Contratouonse o mantemento de 41 xardíns municipais, que axudará a que os cidadáns disfrutemos de zonas verdes en mellores condicións. En total abranguen unha superficie superior ós 200.000 m². O importe roza os 600.000 euros.

O adjudicatario seleccionado comprometerase a manter de xeito óptimo parte dos parques do municipio, contando co personal técnico en número e profesionalidade suficiente para que o estado actual das zonas verdes se incrementa estéticamente e fisioloxicamente coas naturais melloras que produzan o tempo e o coidado permanente.

O coidado abrangue tanto grandes parques —algúns deles xa estaban mantidos por unha empresa— como pequenas zonas verdes, ata un total de 41 lugares.

A licitación pública ascendeu a un total de 591.000 euros (uns 98 millóns de pts.)

■ Máis de 200.000 m² distribuídos en 41 parques e prazas públicas do Concello

Os parques e prazas incluídos neste contrato de mantemento

Parque José Martí
Paseo marítimo
Pr. Chico Mendes
Pr. Charles Darwin
Av. Santa Cristina
Av. das Américas
Praza de Casa Sara
Rúa Darwin-Os Tilos
Parque Nelson Mandela
Bosque de rúa Kenia
Finca Rúa Somalia

Praza da Rúa Namibia
Parque de Rialeda
Praza da Agramar
Parque Beiramar
Rúa Rafael Alberti
Parques do Carballido
Parque Bastiagueiro
Parque Liáns
Parterres e glorietas de Che Guevara
Parque da Capela
Fonte de San Paio

Praza da Liberdade
Cemiterio de Nos
Parque Luis Seoane
Paseo Marítimo
Praza de Liáns
Praza das Garruchas
Pr. Luis Pimentel
Pr. 10 de Marzo
Xardín das Torres
R. Viñas de Babilonia.
Parque Nicolás Redondo

Fonte de Xaz.
Parque da Lagoa
Capela de Santa Ana
Preescolar das Brañas
Paseo da Lagoa
Parque Casa Charry
Praza de Galicia
Praza da Rabadeira
Entorno da Casa do Pobo de Liáns

As m

A campaña de verán nas praias de aproveitarán o sol e a paisaxe. S atencions ás praias, que o pasad

Información

Protección Civil encárgase tamén de vixila-las zonas de influencia das praias, e de **informar** ós usuarios sobre lugares de aparcamento, postos de socorro, mareas, etc., así como coida-lo **respeto ás zonas peatonais** que bordean as praias.

Restáuranse os xardíns de Che Guevara

Despois da negativa do Goberno Municipal a recibi-las obras contratadas pola Deputación Provincial no ano 99 para axardina-la avenida de Che Guevara, e dado que a empresa contratada incumprira o proxecto, a Deputación legou ó Concello a nova contratación para a mellora ambiental da avenida.

Melloras. O proxecto inicial mellorarase cunha rede de rego automático e o axardinamento das glorietas, que nun principio non estaban incluídas. A anterior execución do proxecto fora realizado mediante unha subcontrata que fixo o adjudicatario. En principio non se advertiran as deficiencias, cando a obra era controlada polo concelleiro socialista Luis Vázquez, que naquel entón formaba parte do goberno municipal.

Máis tarde veuse que a obra non superaba os mínimos controis de calidade, polo que o Concello se opuxo a que se abonase o importe da obra e solicitou a execución do aval. Costa 149.000 euros (24,7 millóns pts.)

O coidado dos areais en todo o litoral municipal costa cada ano uns 185.000 euros

Os mellores praias do verán

O Concello de Oleiros comezou o 1 de xuño para que os areais acaden todo o seu esplendor e os usuarios disfruten dos seus servizos hixiénicos, seguridade, limpeza, información e tráfico son as áreas principais das actuacións. Este ano supuxeron un orzamento de 185.000 euros (case 31 millóns de pts.).

Este ano editouse un novo cartel turístico que ensalza os recursos paisaxísticos e patrimoniais do municipio. Servirá de promoción para toda a actividade relacionada coa viaxe e o lecer.

Tráfico

O coidado do tráfico é o aspecto que sole comportar maiores problemas, sobre todo porque a maioría dos usuarios solen coincidir nas horas de utilización dos areais. Os puntos máis utilizados polos cidadáns son Santa Cristina, Bastiagueiro e Mera.

No primeiro caso, ademais das prazas en superficie de aparcamento libre e gratuito, existe o **parking da Glorieta**, situado a escasos metros do areal e conectado co seu fermoso paseo de madeira.

Bastiagueiro ofrece un gran parking a 100m da praia, pero se impedirá especialmente a invasión de automóviles tanto nas vías interiores do Parque, como nas aceras e carrís bici da Av. Che Guevara.

En canto a **Mera**, a novidade consiste na utilización dun novo espazo de aparcamento, unha finca que está habilitándose xusto antes de baixa-la costa da praia.

A Policía Local será inflexible cos condutores que pretendan aparcar en lugares prohibidos no **casco urbano de Xoez**, perto da praia de Espiñeiro, xa que os veciños non poden verse invadidos por usuarios da praia que non respeten as sinalizacións. Todos os parkings están correctamente sinalizados.

Ven en Bus

As parroquias do interior teñen un novo servizo de autobús ás praias. O servizo sairá do Seixal ás 15,30h e de Bastiagueiro ás 20. A primeira parada é na Casa do Pobo de Nos, despois a parada do bus de Vilanova, o cruce de San Marcos, As Grovias, a parada dos Vilares, Morzán, o cruce coa rúa Igrexa, en Fontes (Iñías), parada de Arenaza, en Campamento; diante do Royal Palace, na Policía Local de Oleiros, A Pezoca, cruce da Barreira, A Ferrala, Coruxo, de donde chega a Bastiagueiro. O prezo da viaxe é de 1 euro.

Limpeza

O Concello limpará cada día tódalas praias, incluída Sta. Cristina. A maioría, con **medios mecánicos**, menos a de Espiñeiro, en Mera, que será limpada **manualmente**, xa que a ela non pode accederse a maquinaria especializada contratada para este fin. Tamén están instalados unha morea de **contedores** nos que deposita-los refugallos.

Duchas, wc e chiringuitos

Quedaron tamén instaladas as aproximadamente 20 duchas espaxadas polos distintos areais, os aseos químicos e os diferentes chiringuitos, nos lugares habituais. A novidade e o incremento de duchas en Penatouro.

Seguridade no mar

En canto ós socorristas, síguese a tónica do pasado ano. Coma sempre, o Concello da Coruña encárgase da seguridade dos bañistas en Santa Cristina, gracias a un Convenio.

En Bastiagueiro, Sta. Cruz-Naval e Mera-Penatouro-Espiñeiro, estarán en servizo unhas 20 persoas, entre **ATS e socorristas**, coordinados pola Agrupación de Protección Civil, que a balizaron as zonas de baño e habilitaron as 4 zódiacs, 2 vehículos auxiliares e os numerosos equipos de comunicación que utilizan. Tamén están abertos os tres **postos de socorristas**.

Megafonía

As praias de Mera e Bastiagueiro terán este ano como novidade un servizo de megafonía que servirá para reforza-la información e a seguridade.



Remataron as canalizacións en Sta. Cristina

Remataron as obras de introducción do cable e o gas en Santa Cristina. Entre Semana Santa e o inicio do verán, realizáronse estas obras, de xeito absolutamente coordinado e sen incidencias destacables.

Só algunhas persoas diron demagóxicos síntomas de impaciencia obviando o detalle de que calquera mellora conleva algunhas molestias.

A especial configuración da península, con forma de embudo, fixo que o Concello extremase ó máximo a organización, para que as consecuencias molestas no se alongasen ata o verán, momento de máxima afluencia de veciños e turistas.

Precisamente para despois da época estival, cando afloxa as visitas á praia, está previsto o asfaltado de tódalas rúas.

As obras que se realizaron consistiron

na canalización da fibra óptica, gas natural e auga, mellorando os conductos. A obra civil foi única, como se esixe en Oleiros para non ter que facer cada empresa a súa obra, resulte máis económico, menos dañino para as rúas e as molestias ós veciños son menores.

Os orzamentos realizados aproxímanse ó millón e medio de euros. As tuberías costaron 34,2 millóns de pts; o gas natural 30 millóns e a fibra óptica uns 180, importe derivado do alto coste dos nodos e a gran cantidade de arquetas necesaria para implantar este servizo. Nalgúns tramos das rúas Linneo, Darwin e Humboldt tamén Fenosa cableou algúns servizos de condución de electricidade.

Tamén se restaurou totalmente a rúa Xuncal, e se instala o novo alumado público na Av. Sta. Cristina e nun tramo da Av. das Américas.

Mera e a súa Bandeira Azul

A praia de Mera segue a ter Bandeira Azul, pese a que este ano está suspendida a causa das obras que por fin se iniciarán no Paseo Marítimo. Mera seguirá a ser un referente para o turismo de sol na comarca da Coruña.

O Concello tratará de coordena-los tempos de obra e os seus efectos para que os cidadáns noten os mínimos perxuízos ocasionados pola reforma integral do tramo de costa comprendido entre a Capela de Santa Ana e a Praza de Miramar, que se ve afectado por esta primeira fase do proxecto.

En canto ó resto dos servizos de praia, serán incluso incrementados a respecto dos do pasado ano, con novas duchas en Penatouro, e un novo espazo de aparcamento situado xusto antes de baixa-la costa de Santa Ana, a menos de 100m do areal.

Residuos tóxicos do Porto da Coruña vertíanse no alcantarillado da Urbanización Icaria

As probas do atentado ecolóxico do concelleiro do PP

Había malos olores de aceites e gasóleos na Praza Atenea e ninguén sabía porqué. Os veciños estaban fartos de chamar, pero cando a Policía chegaba, non atopaba nada irregular. Esta é unha historia de alcantarilla real, pero tamén de alcantarilla política.

A colaboración dos veciños foi crucial para desartella-lo operativo que tiñan montado para introducir vertidos tóxicos e perigosos no alcantarillado, e de paso para saber a qué se dedican algúns concelleiros do PP.

O 20 de xuño descóbrese a xogada na que o propio conductor implica a Osvaldo García. O caso está en mans da Consellería de Medio Ambiente, que ten as competencias para impoñe-las sancións oportunas, e pode incluso que remate no xulgado.

Moitos poden preguntarse qué ganaba a empresa con esta acción. En principio, aforrábase a viaxe ata a pranta de tratamento de residuos tóxicos, ubicada no País Vasco, dado que a de Somozas aínda non funciona, e por tanto aforrábanse os gastos de quilometraxe e o importe da propia pranta.

Días antes de descubrirse o caso, Osvaldo García fóra o voceiro de «Limpoil» ante os medios de

comunicación para informar dunha mancha de aceite que aparecera na Dársena de Oza.

Poucos días despois, «Limpoil» pedía desculpas ós cidadáns de Oleiros polo comportamento do seu xestor, concelleiro do PP, a quen despediron de inmediato.

O asunto era de tal gravidade, que a Alternativa dos Veciños presentaba unha moción para que o Pleno invitase a Osvaldo García a abandonar-lo seu escaño, pero PP e PSOE, para non ter que votar, aliáronse e optaron polo escándalo e a falta de respecto institucional boicoteando a sesión plenaria: saí-

ron brazo en alto, insultando á alcaldesa e cantando o «Cara al Sol», coma se o Concello fose un circo. Con frases como “putos fascistas”, o deputado Cerviño dirixía o coro.

■ PP e PSOE rematan un Pleno cantando o «Cara al Sol» para non censura-lo comportamento de Osvaldo García


■ Este tipo de políticos e os que os protexen pretenden goberna-lo noso Concello



A noticia en «La Voz de Galicia»

Extractos das dilixencias da Policía

«Ya sé que esto no se puede hacer»



«El encargado se llama Osvaldo y es concejal en el Ayuntamiento de Oleiros»

procede a abrir el portalón de la nave... en el interior de la misma, volviendo a cerrar el portalón. Tras solicitar apoyo de la patrulla compuesta por los agentes con carnes números 158031 y 158032, el agente 158004, procede a llamar repetidas veces al portalón de la nave, respondiendo a esta llamada, el hombre que se viera bajar de la cabina del camión, el cual al identificar a este agente como Policía Local, manifiesta, sin que se le pregunte nada, lo siguiente: " YA SE, YA SE, QUE ESTO NO SE PUEDE HACER"..... Al ser preguntado por lo que es, lo que el ya sabe que no puede hacer, este indica que vaciar la cisterna del camión, ya que esta contiene residuos, reconocidos de barcos en el puerto de A Coruña, y mas concretamente de barcos..... este muestra un

B 0010.....

Al preguntarle a esta persona, el por que vacía los residuos tóxicos y peligrosos a la red de saneamiento este indica que se lo dijo su encargado. Al preguntarle por el nombre de esta persona, responde que se llama Osvaldo y que es Concejal en el Ayuntamiento de Oleiros. Al tener conocimiento el agente actuante de que en la actual corporación del Ayuntamiento de Oleiros, solamente hay un concejal que responde a ese nombre, se pudo precisar que esta persona es D. CESAR OSWALDO GARCIA DIAZ con D.N.I. 32341687, domiciliado en R/ Habitat nº 7-1º Izq, de Perillo ,Oleiros, el cual llego incluso a decirle que no pasaba nada, que en caso de que algo sucediera, el se encargaba de todo, y que estos residuos iban directamente al emisario de Bosa

Atentado ecolóxico en Icaria



As probas gráficas

- 1 **Malos olores en Atenea** Denunciados polos veciños.
- 2 **O camión cisterna** Obsérvase entrar na nave nº6. Esta nave, aparentemente, non ten actividade.



O camión, no interior da nave

- 3 **O conductor** A policía chama á porta e alguén dí: «Ya sé, ya sé que esto no se puede hacer». Era o chófer do camión.

- 4 **¿Qué é o que non se pode facer?** O chófer declara á Policía que vacía o contido do camión, aceites tóxicos e perigosos, pola alcantarilla situada no interior da nave, que vai á rede de saneamento.



Boca de alcantarilla interior da nave, coa manguera conectada ó camión

- 5 **¿De dónde veñen os aceites tóxicos?** O camión transporta aceites recollidos de barcos atracados no porto da Coruña.



Interior da alcantarilla fronte á nave, con restos oleosos

- 6 **¿Quén lle manda facer isto?** O conductor dí recibir ordes do seu encargado, «que se chama Osvaldo e é concelleiro en Oleiros». E engade que «se pasa algo», que llo diga a él, que se encarga de todo.

- 7 **A empresa** Figura no exterior do camión, chámase «Limpoil» e encárgase de retirar residuos tóxicos e perigosos do Porto da Coruña.

- 8 **«Limpoil» e Osvaldo** O concelleiro é quen tramita no Concello a licenza da nave para almacenar filtros, figurando como asesor na nómina da empresa, polo que percibe 648.000 pts. brutas ó mes. Días despois, Limpoil prescinde dos seus servizos debido ós feitos.

- 9 **A moción** A Alternativa dos Veciños presenta unha moción ó Pleno na que se solicita invitar ó concelleiro a que abandone a Corporación, xa que a súa implicación era clara, recoñecida pola súa empresa, e moi grave.

- 10 **A escandalera** Concelleiros populares e socialistas reventan o Pleno Municipal no que simplemente podían votar «non», como fixo o BNG. Pero preferiron montar bulla para desacreditar ó Goberno e ó Concello de Oleiros cantando o «Cara al Sol», himno fascista que por certo coñecían moi ben.

López Besteiro visitou Oleiros

Manuela López Besteiro, unha das conselleiras con máis carisma e popularidade da Xunta de Galicia, estivo no Centro Municipal de Formación para clausura-lo Obradoiro de Emprego Parque Liáns.



A conselleira de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude foi recibida pola alcaldesa, responsables do Goberno Municipal e mailo director do Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo".

Agardábana tamén as máis de 50 persoas implicadas no Obradoiro de Emprego Parque Liáns, que puña así fin a un ano de formación e preparación para unha máis doada integración laboral.

Ademais de pecha-lo curso, percorreu o Centro de Formación dos Regos, unha das instalacións de formación ocupacional máis completas de Galicia. Tamén tivo tempo para departir con alumnos dos diferentes cursos que naquel momento estaban activos.

Na Sala de Maquetas do Centro recibiu explicacións de todas cantas actividades se levan a cabo, desde mobiliario urbano, restauracións, xogos infantís, aplicacións

en escaiola, pintura, serigrafía, albanería... e outras moitas actividades que combinan a formación dos alumnos coa satisfacción das necesidades veciñais.

En canto á clausura do ciclo que se pechaba, desexou ventura ós presentes para atopar traballo canto antes.

Era a primeira vez que Manuela López Besteiro estaba en Oleiros en visita oficial, se ben o seu departamento sempre mantivo co Concello unha actitude de colaboración mútua, apoiando firmemente a maioría das propostas que se lle presentaron.

Foi unha visita breve, que prometeu repetir en canto tivera ocasión para coñecer outros lugares tamén relacionados coa colaboración entre a súa Consellería e o Concello, como a Biblioteca Rialada ou o viveiro municipal do Pazo da Carballeira, en Nos.

Querían impedi-la contratación do voo cartográfico

PSOE e PP boicotean a reforma do Plan Xeral

Gracias ó voto de calidade da alcaldesa puido aprobarse un paso imprescindible para levar a cabo a modificación do Plan Xeral.

Tratábase da contratación dun voo para realizar fotografías aéreas con vistas a realizar unha nova cartografía, sen a que o documento de revisión do Plan sería imposible.

A pinza que forman no Pleno PSOE e PP impedirían esta contratación se non fose porque un concelleiro se ausentara.

A modificación do Plan permitirá deseñar novas infraestructuras viarias, a adaptación á nova lexislación do solo de Galicia e a corrección de distintos erros observados no Plan anterior.

Este episodio é unha mostra máis da paralización dos asuntos municipais que intenta a oposición a través do Pleno, creando un clima de agresividade e entorpecemento nada bo para o conxunto dos veciños.

Oleiros con Palestina



Unha loita desigual

Jinin (Palestina), cidade irmá

O Pleno de Oleiros, a proposta da Alternativa dos Veciños, aprobou inicia-los trámites de irmanamento coa cidade de Jinin, en Palestina, un dos principais escenarios da guerra árabe-israelí. O texto aprobado, que foi enviado a tódalas autoridades interesadas no asunto, dí así:

A situación que está a vivir Palestina e os seus cidadáns a mans do Estado sionista de Israel merece a solidariedade dos veciños de Oleiros representados neste Pleno Municipal, sobre todo ante a indiferencia dunha Comunidade Internacional chea de xestos tímidos e pro-

pagandísticos, lonxanos a calquera medida de intervención ou sancións que obriguen a Israel a frena-lo xenocidio.

Por elo ESIXIMOS,
1º.- A desocupación inmediata dos territorios ocupados polo estado de Israel. A Comunidade Internacional debe obrigar a Israel a tomar esa decisión e frena-lo xenocidio actual.

2º.- Que os palestinos podan constituí-lo seu Estado en condicións de integridade territorial, soberanía nacional e democracia participativa, sen tutela exterior algunha.

3º.- O Procesamento de Ariel Sharon por un Tribunal

Internacional para responder polos crimes cometidos contra cidadáns palestinos, comprometéndonos a unirnos a campaña de recollida de firmas para tal fin

4º.- A retirada do Premio Nóbel da Paz a Simón Péres, comprometéndonos a participar activamente na campaña internacional creada para elo.

5º.- Inicia-los trámites de Irmanamento coa cidade palestina de Jinin. Unha vez que sexa posible entablar relacións normalizadas, propoñeráse ás súas autoridades inicia-lo proceso para este achegamento.

■ *Iniciaránse os trámites cando sexa posible entablar relacións normalizadas*

Novo programa de cooperación internacional

O Concello inviste uns 80.000 euros (15 millóns de pesetas) en axuda desinteresada para favorecer-lo desenvolvemento de moitos pobos que o necesitan. A colaboración enmárcase dentro do Proxecto de Cooperación ó Desenvolvemento, no que Oleiros é pioneiro e pretende ter unha participación dinámica e participativa.

As accións espallaranse principalmente polos pobos irmáns do Centro e Sur de América. Ecuador, O Salvador, Honduras, Cuba ou México son puntos ós que se destinan as aportacións. Tampouco quedan á marxe as terras africanas, do Sahara a Mozambique.

A convocatoria recibiu un bo número de peticións, derrador das corenta, das que houbo que seleccionar aquelas que tiveran unha maior incidencia e repercusión entre os cidadáns deses países. O eixo primordial das trece seleccionadas radica nas infraestruturas.

En **Honduras** darase cobertura a necesidades no eido da educación e medicina.

Lugares como **Cuba** disporán de maquinaria para a limpeza de rúas ou mellores condicións para a asistencia médica.

En **México** realizaránse gracias a estas axudas un bo número cursiños que axuden á capacitación técnica dos mozos e mozas indíxenas.

No **Salvador** axudarase a instalar infraestructura básica (luz e auga) en zonas rurais e urbanas co fin de mellorar as condicións de vida da poboación.

Os nenos africanos do **Sahara** disfrutarán dunhas vacacións no noso Concello e en **Mozambique** recibirán da nosa parte alimentos e medicinas para cubri-las necesidades logo das grandes inundacións que arrasaron o sur deste país.

Oleiros colabora deste xeito con entidades como Solidariedade Internacional, Ecos do Sur, Meniños ou a Asociación Galega de Axuda ó Sáhara (entre outras) para que os seus proxectos de rexeneración en todos estes países poidan saír cara adiante.

O Pazo de Arenaza, un centro de reunión e vitalidade para os maiores

No Pazo de Arenaza de Iñás atópase un espazo de atención diúrna continuada para as persoas maiores, onde recibirán tratamentos específicos para a mellora do seu estado, tanto físico coma psíquico, en compañía doutras persoas do seu entorno que teñen carencias similares.

Esta iniciativa do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros está dirixida ás persoas maiores de 65 anos que non poden ser atendidos polos seus familiares durante o día.

O Centro conta con tódalas comodidades necesarias para ofrecer unha atención axeitada: un servizo de transporte adaptado a cada usuario, comedor, actividades culturais e recreativas, atención médica e psicosocial.

Os maiores desenvolven diferentes actividades: desde ximnasia ata excursións, pasando pola ludoteca, o taller de memoria, etc.

Para recibir máis información sobre este centro de atención poderase facer na oficina de servizos sociais. Tamén estará atendido no teléfono 981 610 000.



En Arenaza hai sitio para ti.

O Centro de día para a terceira idade, unha solución para disfrutar da vida en harmonía e con tódalas atencións.

Infórmate no **981 631 240**

Concello de  Oleiros

Chega a gran convocatoria de xogos para mozos e mozas. Alternativas para un ocio máis feliz e productivo. E con premios cobizados polos chavales: viaxes a Europa e América.

A noite é túa

■ *Viaxes a Praga, Italia e Cuba para ganadores e moitos participantes*

■ Ocio nocturno

Estamos a organizar unha gran campaña de ocio nocturno, con actividades deportivas, xogos de mesa e atrísticas, para conseguir restar adeptos ó alcohol, o botellón e ás drogas.

Unha gran cantidade de actividades por equipos que tomarán forma de concursos e manterán a atención de tódolos participantes.

■ ¿Dónde?

Encherán así de actividades as distintas Casas do Pobo, polideportivos e casas de festas.

Podes inscribirte no Centro de Información Xuvenil, no edificio da Fábrica (Muelle do Inglés, Perillo).

■ ¿Quén?

A participación está limitada ós mozos censados en Oleiros, de idades entre 18 e 28 anos.

Pode ser individual ou por parellas ou equipos, dependendo da actividade.

■ ¿Cándo?

As actividades e competicións terán lugar os venres, sábados e domingos, en dúas etapas: entre outubro e decembro, e entre febreiro e maio, evitando as datas de exames e os períodos de vacacións.

Normalmente, os actos comezarán ás 21 horas e prolongaránse ata ben entrada a madrugada.

■ Os premios

Serán tres viaxes dunha semana para os finalistas en cada especialidade. Os destinos: Praga, Italia e Cuba, viaxes ós que non só irán os ganadores, pois ó final haberá un sorteo de prazas entre tódolos participantes.

■ Apúntate: 1 euro

O prezo da inscrición para cada actividade é simbólico: 1 euro.

O prazo para apuntarse abrangue os meses de agosto e setembro.

■ ¿Qué actividades?

Bailes de Salón

Pintura

Cociña ¡Fóra comida basura!

Mus

Xadrez

Damas

Parchís

Dominó

Fútbol sala

Ténis de mesa

Baloncesto

Voleibol

Nova solución ante os problemas

Comprámo-lo vello cuartel para os veciños de Mera

Parece que este vai se-lo episodio definitivo para que Mera poida dispoñer do seu novo centro cultural e de espectáculos.

Un novo acordo permitirá adquiri-lo edificio, xa que Interior atopara dificultades burocráticas para aplica-lo anterior.

Entón tratábase de permuta-lo cuartel de Mera polas obras que a Garda Civil necesitaba realizar no cuartel da Pezoca, en Oleiros, que presenta un estado calamitoso para o traballo dos gardias que nel prestan servizo ós veciños.

Agora, o acordo consiste en que o diñeiro que ía destina-lo municipio a arranxa-lo cuartel da Pezoca, terá como fin a «adquisición» do cuartel de Mera. O importe ascende a 230.615,16 euros.

Para o Concello, a cousa é a mesma, pois na Xerencia de Infraestructuras e Equipamento da Seguridade do Estado, do Ministerio do Interior, compromete-

téronse a que o importe íntegro deste desembolso revertiría na restauración da Pezoca, un detalle que o Goberno Municipal negociou con precisión, pois a finalidade é que os funcionarios da Garda Civil que presten servizo en Oleiros realicen o seu traballo nas mellores condicións.

Polo demáis, en Mera continúa vivo o proxecto do Multiusos, que estaba previsto incluír nos presupostos do 2002.

O proxecto implica a transformación do edificio, do que se conserva a fachada, pero non o interior, derrubado para ser cuberto cun teito de novo deseño.

Mera gana un espazo multiúsos para poder ser utilizado en manifestacións artísticas para as que hoxe queda pequena a Casa do Pobo.

O auditorio terá unha capacidade de entre 200 e 300 persoas, e será apto para representacións teatrais e musicais.

tes can?

Se paseas co teu can,
leva unha bolsa de plástico para recolle-lo que defeca o teu amigo.

Non é xusto que os parques, paseos e aceras aparezan suxos con dexecións de cans.

Ademáis, lembra que o can pode asustar a quen pasea, polo que é necesario levalo con cadea.

Un servicio para todos os veciños que atopan algunha dificultade

Antes do fin deste ano podemos ter o dobre de farmacias

A responsable de farmacia da Consellería de Sanidade, confirmou que antes de fin de ano poderían abri-las súas portas as cinco farmacias previstas, para o que se convocará o oportuno concurso.

Desde hai 5 anos non se abre nengunha farmacia en Oleiros, pese a que a poboación aumentou considerablemente. Se en 1997 o concello necesitaba 3 nova oficinas de farmacia, agora son 5 as que se requiren para atender á poboación que reside no municipio.

As tres que estaban solicitadas nun principio debían ubicarse en Dexo, Dorneda e Santa Cristina, pero como agora se necesitan dúas máis, fixéronse como lugares idóneos a parroquia de Liñas e a zona da urbanización Dos Regos, entre Oleiros e Liñas.

Agora están abertas as de Perillo, Santa Cruz, Mera, Oleiros e Nos.

O Concello leva alomenos 5 anos preocupado polo retraso que supuxeron as trabas burocráticas que se estaban a poñer á instalación de novas farmacias, xa que os cidadáns non teñen porqué recibir un servizo público de escasa calidade. O Goberno Municipal celebra que os problemas que tiña a Xunta para adxudicá-la xestión das oficinas quedasen por fin solventados.

¿Necesitas orientarte sobre calquera asunto?

Ainda que é pouco coñecido, o Concello conta cun Servicio de Orientación e Información dirixido a tódolos veciños, para garanti-lo dereito de igualdade de acceso ós recursos solidarios dos que dispoñen as distintas administracións e que están ó servizo de todos.

Este Servicio quere prestarche a mellor información, orientación e asesoramento, en relación cos dereitos e recursos públicos dos que dispoñemos para a resolución das necesidades particulares.

Para acceder a este servizo, podes poñerte en contacto co departamento de servizos sociais, ben persoalmente ou por teléfono, no 981 610 000, e solicitar unha cita coas traballadoras sociais.

Para facilitar o achegamento dos veciños ó servizo, as traballadoras sociais trasladanse ás diferentes parroquias na primeira semana de cada mes.

Pero o mellor é que pidas unha cita e infórmatelo de cando e dónde podes expoñer-lo teu caso.

■ Chama ó 981 610 000 e pide a túa cita

As funcións deste útil servizo

- Facilitar unha correcta información ós veciños/as.
- Detecta-los problemas da poboación con risco social.
- Orientar e asesorar sobre tódolos recursos sociais existentes: servizos comunitarios, prestacións económicas, cuestións xurídicas e tramitacións diversas.

Mellor formación, maiores oportunidades

Novos cursos para desempregados, no CMF

■ Se ten ou coñece empresas relacionada con algunha destas actividades e quere colaborar na formación práctica do alumnado, cháme ó 981 610 319

En novembro rematarán os cursos de formación ocupacional de cociña (1.045 horas), albanelaría (1.000 horas), escaiola (880 horas) e pintura (600 horas). Un mes antes, en outubro, rematarán fontanería (730 horas) e ebanistería (800 horas).

Os alumnos van comezar a realizar prácticas, polo que se coñeces algunha empresa relacionada con estes sectores, ou eres empresario, podes colaborar na formación práctica destas persoas. Se desexas máis detalles, chama ó Centro Municipal de Formación (981 610 319).

En setembro comeza un curso de ofimática de 125 horas, que terá lugar entre 9 e 14 horas, dirixido a demandantes de emprego que necesiten esa especialidade formativa. Se che interesa, chama ó CMF.

Un centro, para 100 nenos e nenas de 0 a 3 anos

En novembro abre a escola infantil de Galeras



A escola infantil de As Galeras está comezando a construírse e agárdase que sobre o mes de novembro poida iniciá-la súa andaina.

A finca na que está a construírse é de uns 5.000 m², dos que 700 son ocupados pola edificación, que terá unha capacidade de 100 alumnos. Está ubicada dentro do ámbito das Galeras, fronte ó Instituto María Casares.

Ó tempo, está preparándose a convocatoria para a súa xestión, que se intentará que sexa a partir dunha fórmula de economía social que reúna os requisitos pedagóxicos e de xestión idóneos para levar a cabo o proxecto educativo que se pretende

Prevese que o número de postos de traballo que poida crear esta escola sexa aproximadamente de 20. Ó deseño e selección da entidade que poida xestioná-la Escola está vencellado ó Centro de Formación e Emprego Isaac Díaz Pardo.

Chegado o momento convocaráse tamén ós pais que desexen utiliza-los servizos da escola infantil. Tamén se están realizando os labores administrativos necesarios para o seu amoblamento.

Ata agora, ven prestando servizo a uns 70 nenos de entre cero e 3 anos a escola infantil municipal «A Pardela», ubicada nos Regos.

As formacións que saen da Escolas de Música e Danza darán moito de sí

■ *Carmen Roche, moi satisfeita da experiencia de Oleiros, aposta por unha canteira dancística ben formada*



Un momento do concerto de fin de curso

Vibracións con boa nota na Fábrica

■ O espléndido engado da Danza

Os alumnos de Carmen Roche na Escola Municipal de Danza tiveron tamén o seu brillante Fin de Curso. Foi no Pabillón Deportivo Valle-Inclán, onde recrearon, cun escenario encargado expresamente, as fantasías de Fernández Flórez no Bosque Animado. A mestra dixo estar moi satisfeita da experiencia en Oleiros e apostou por unha boa canteira, que comezará a da-los seus froitos nos próximos anos.



Lembrando o Bosque Animado

A brillanteza dos concertos cos que a Escola de Música pechou o ano no Auditorio da Fábrica deixou moi bo recordo nos presentes e os alumnos demostraron os resultados do seu esforzo.

Remata o curso académico 2001-02 na Escola Municipal de Música do Concello de Oleiros, que este ano contou ca participación de 179 rapaces.

A maioría deles fóron especializándose algún, mentres que 45 foron os que estiveron en música e movemento. Ano a ano vaise aumentando a oferta para os rapaces de Oleiros, que este ano puideron escoller entre clarinete, metal, corda, música moderna, a música popular, a banda de música e a orquestra.

Unha das actividades estrela e que máis paixóns levantou fóron os concertos, cos nervios dos alumnos e os sorrisos dos pais.

A semana grande de audicións, nas que puido intuírse a boa saúde que

terán as orquestras de vento e de corda que, logrou un importante éxito.

Durante cinco días consecutivos de xuño xuntáronse un bo número de alumnos que nos mostraron as súas habilidades e o ben que sonan as formacións que están nacemento.

Con anterioridade xa tiveramos a festa do nadal, das cordas (polo mes de marzo) e dous concertos conmemorativos nas Letras Galegas. Pechouse o programa de concertos ca xornada de clausura, o 21 de xuño. Tódolos concertos tiveron lugar no extraordinario marco do auditorio de A Fábrica.

No verán, ademais, tiveron a oportunidade de practicar e desenvolver-lo seu talento musical. Sergio Castro, Claudio Forcada e Aránzazu Vera fóron os encargados de impartir-las ensinanzas do curso de cordas, Marleen Van Zande, o curso de piano e José Luis Pastoriza o curso de orquestra rítmica, destinado ós máis pequenos (5-12 anos de idade).

A ela trasladaránse os alumnos de Río da Loba

Por fin contratan a nova escola da Rabadeira

A nova escola Infantil da Rabadeira vai camiño por fin unha realidade, coa contratación da obra, que realiza a Consellería de Educación nunha finca de 5.000 m².

O solar no que se construíra a escola é moi superior ás necesidades requeridas pola Xunta, e foi cedido polo Concello. Está ubicado acarón do actual centro de ensino básico.

O edificio terá dous corpos, un destinado a alumnos (de dúas prantas) e outro a dependencias administrativas e espacio exterior de xogos.

Un patio acristalado para o disfrute dos nenos da educación infantil será de seguro o elemento máis característico.

A superficie construída será case de 800 m², que estarán divididos en 7 aulas, das que unha será máis grande e o resto as das clases ordinarias. Aseos, despachos, un local para a APA e unha pequena cociña completan as instalacións, que deben quedar realizadas en 6 meses, e que contan cun orzamento de 527.916 euros (case 90 millóns de pts.)

A este novo centro educativo poderán trasladarse os nenos que agora están provi-

soriamente escolarizados nas instalacións de Río da Loba, un local cedido polo Concello para realizar estas clases de educación infantil. Na nova ubicación, ademais de mellores condicións para a súa educación, contarán cos servizos comúns propios do centro principal, como comedor, biblioteca e outros servizos comúns.

Prestará servizo ós alumnos de Santa María de Oleiros e Iñás.

Unha programación que vai quentando motores de cara á primavera

Vacacións con cinema

A brisa do anoitecer é a perfecta compañeira para ver unha película ó aire libre. O verán convértese na época idónea para disfrutar moitas noites de cinema, porque a oferta é ampla. Para que os rapaces disfruten con Harry Potter, para que os mozos se celen das mozas con Ocean's Eleven (George Clooney, Matt Damon, Brad Pitt), pelexando para que o corazón non che saia do sitio co suspense de Los Otros. Cada recanto do Concello terá o seu día especial.

Esta é a programación correspondente a agosto:

- Día 2, **Harry Potter**, na Praza da Constitución de Montrove.
- Día 10, **El Señor de los Anillos**, no Parque Luis Seoane de Santa Cruz.
- Día 12, **The Kid**, na Praza da Rabadeira, en Oleiros.
- Día 14, **La Máquina del Tiempo**, na Pista Polideportiva de Dexo.
- Día 16, **Amor Ciego**, na Casa do Pobo de Dorneda.
- Día 22, **La Momia II**, no Parque José Martí de Santa Cristina.


■ En xullo proxectáronse **Ocean's Eleven**, en Perillo; **Spy Game**, en Iñás; **Los Otros**, en Nos; **Amelie**, en Mera; **Monstruos S. A.**, nos Regos, e, **Operación Sword Fish**, en Lorbé.

Un novo verán cheo de propostas

Inmortaliza Oleiros

Non hai mellor época que esta para sacarlle partido á túa cámara. Se eres afeccionado á fotografía, poderás entrar no concurso "Descubre o verán en Oleiros".

Xa estás indo á Nova Fábrica para apuntarte e pensando nas ideas e ángulos máis orixinais para retratar o teu Concello. A entrega dos carretes faise desde o 1 de xullo e a recollida para o revelado será o 31 do mesmo mes. Os que se animen só deberán cumprir un requisito: ter entre 14 e 30 anos.



De viaxe a pé por Galicia e unha visita á Barcelona de Gaudí

Para este verán hai programadas dúas rotas de **sendeirismo**. O 20 de xullo visitaron a **Lagoa de Cospeito**, espazo protexido pola gran riqueza da súa fauna e flora. O 24 de agosto percorrerase o **Camiño Francés**, polas cercanías de Piedrafita, na zona de Friacastela, entre os cumios que separan a Galicia da Meseta. Un terceiro camiño queda para o mes de setembro, o día 14. Será, coma tódolos anos, a rota sorpresa que nos teñen preparada os rapaces da Fábrica. ¡A ver con que nos sorprenden este ano! Os tres viaxes custarán 7 euros.

Pero a excursión máis longa de todas queda para as datas finais do verán. Do **21 ó 27 de setembro** ofrecerase a posibilidade de viaxar á **Barcelona** de Gaudí. Unha semana, para maiores de dezoito anos, polo módico prezo de 180 euros, que inclúe a viaxe en autobús, estancia nun hotel con pensión completa e entrada dun día en PortAventura. Sen dúbida, un caramelo moi apetecible. As inscricións realizaránse no edificio da Nova Fábrica (981 636 598).

Campamentos que axudan a convivir

Un campamento ofrece oportunidades de educación, descanso e recreación para os rapaces. Incentiva neles o desenvolvemento de hábitos, a madurez emocional, a confianza en sí mesmos, a aprendizaxe do traballo en equipo como forma de participación e integración cos demais.

Tamén permite a entrada en contacto co medio ambiente co que se consegue unha toma de conciencia sobre o coidado do medio natural. Cada vez con maior frecuencia os pais deciden incluír esa experiencia para os seus fillos e o Concello aumenta cada ano a súa oferta estival.

Para nenos con idades comprendidas entre **3 e 6 anos**. Os cativos poderán desenvolverse nas responsabilidades dun campamento. Serán xornadas moi pequenas: Minicampamento "O Corval", en Dexo (11-12 de xullo), Minicampamento "Os Picariños", en Mera (9 de agosto), Minicampamento "O Alfar", en Santa Cruz (22-23 de agosto) e o Minicampamento "A Lagoa II", en Mera (2 de setembro).

De **7-10 anos**. Xornadas dun par de días: Campamento "O Caldeirón", en Dexo (22-24 de xullo), Campamento "A Lagoa", en Mera (1-3 de agosto) e Campamento "O Caldeirón II", tamén en Dexo (28-30 do mes de agosto).

Para os rapaces que teñan entre **11 e 14 anos**: Excursión "Ría do Eo", na fronteira entre Galicia e Asturias (1-5 de xullo). Excursión "Fragas do Eume", polos fermosos roteiros deste río galego (5-9 de agosto), e a Excursión á "Baixa Limia-Xures" en Vilar de Santos (2-6 de setembro).

Por último, o intervalo entre **14 e 18 anos** terá a súa oportunidade no pobo de Llanes (1-5 de xullo). Tódalas inscricións deberán realizarse no departamento de Cultura do Concello (981 610 000), excepto este último, que corre a cargo da Fábrica (981 636 598).

Suxerencias para os máis noviños

Tres obradoiros de cultura están especialmente pensados para os máis pequenos da casa. O primeiro ten o nome de **Xogos de mesa e aire libre**, reunirá ós rapaces de 8 a 12 anos tódolos martes e xoves durante dúas horas. Cada grupo de rapaces reunirse en total durante catro días, para aprender a xogar en contacto coa natureza. Haberá tres lugares que acollan a actividade: a Casa da Guardesa, a Casa da Cultura de Perillo e a Casa do Pobo de Nos.

Para aqueles que lles leve idea aquilo da interpretación, terán a oportunidade de mostrar as súas condicións no **Obradoiro de teatro** que se levará a cabo no Teatro Municipal As Torres. Alí xuntaranse durante tres días á semana (sen determinar) un bo número de rapaces con idades comprendidas entre os 6 e os 14 anos.

Os máis cativos terán unha actividade exclusiva na que poderán coñecer e aprender da súa man a evolución da natureza. Iso é o que pretende **Hortas no verán**, que reunirá ós cativos de 3 a 6 anos unha vez por semana.

Tódalas inscricións xestionaranse no departamento de cultura (981 610 000).

Un verán cheo de propostas para disfrutar do corpo e a natureza, do mar e do esforzo

Sol ata ben tarde, boa temperatura, tempo de lecer. O Concello pon a disposición dos rapaces tódolos seus medios para que saian á rúa e practiquen deporte. Hai que aproveitar as condicións privilexiadas que ten o municipio para crear hábitos saudables. O mar convértese en epicentro da nosa programación deportiva.

A marea máis deportiva

■ Cursos de Kaiak

Na enseada de Santa Cruz, de luns a venres. Haberá catro cursos de duración quincenal durante dous meses. Os rapaces con idades entre 10 e 14 anos terán que madrugar un pouco máis (de 10 a 12 da mañá) e os maiores de quince anos terán un horario de 12 a 14 horas.

■ Excursións en Kaiak

Só para maiores de dezoito anos. Dúas saídas, os días 6 e 20 de xullo. A rota durará catro horas e farase durante as mañás. Percorreranse as zonas costeiras de Oleiros.

■ Curso de mergullo e botella

Para os amantes das profundidades mariñas. O curso darao a escola de mergullo IMASUB, e haberá varios niveis: iniciación, 1, 2 e 3 estrelas.

■ Natación

Na piscina Municipal de Perillo. O mes de xullo acollerá ós máis cativos (4-6 anos), os martes e xoves. Os luns, mércores e venres poderán practicar os que teñan idades entre 7 e 11 anos. En agosto prestarase atención ós rapaces dos arredores. Haberá servizo de transporte para recoller e deixar ós rapaces.

■ Iniciación á vela lixeira

Durante todo o verán, catro cursos de 30 horas, todos en Mera, de luns a venres e de 11 a 14 h. O primeiro, do 1 ó 12 de xullo (12-16 anos), o segundo entre o 15 e o 29 de xullo (+ 17 anos). O terceiro, entre o 30 de xullo e o 12 de agosto (12-16 anos). O cuarto, entre o 13 e 27 de agosto (para maiores de 17).

■ Iniciación ó remo

Este deporte tan senlleiro necesita ir creando escola. Na Fábrica de Perillo haberá 3 cursos durante o verán para rapaces entre 8 e 18 anos. En Mera tamén se programou un curso de remo en batel.



Outros deportes

Pelota

■ **Volei Praia.** Na praia de Bastiagueiro, haberá dúas quendas, unha en xullo e outra en agosto. Para maiores de doce anos.

■ **Hoquei Herba.** De 6 a 14 anos. No mes de xullo, os martes e xoves no campo de herba artificial de Inef, en Bastiagueiro.

■ **Baloncesto.** En xullo, no Pavillón de Perillo e en agosto no Pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz. De 8 a 18 anos (luns mércores e venres de 10.30 a 11.30 horas).

■ **Futbito.** En tódolos recantos do Concello se poderá practica-lo futbito. No mes de xullo, en Oleiros, Santa Cruz, Mera, Dorneda, Perillo e Lorbé. En Agosto, nos pavillóns de Santa Cruz e Mera. Poderán apuntarse rapaces que teñan entre 6 e 12 anos.

■ **Iniciación ó tenis.** As pistas de Bastiagueiro acollerán cursos de dous meses. Separarase por idades: de 11 a 14 anos, de 15 a 17 anos e os maiores de 18.

Alternativos

■ **Escalada deportiva.** No rocódromo Municipal de Canide e na zona de escalada de Suevos. Para maiores de 14 anos. En xullo haberá dous días (22 e 23) e en agosto queda para o 12 e o 13.

■ **Patinaxe.** No mes de agosto, para rapaces de 6 a 16 anos. Os cursos daranse tanto en Lorbé coma en Santa Cruz.

Traíñas

Perillo, a por todas

Chega o verán. É o momento de deixa-los ximnasiaos e sair ó mar

Foron moitas horas de esforzo e moito suor derramado para rendir

con satisfacción na temporada estival de traíñas.

Superadas as tres décadas de remo, o Clube de Regatas de Perillo regresa un ano máis para demostra-las súas cualidades e a pelexar pola supremacía no remo galego.

Perillo representa a resposta do remo no norte de Galicia, respecto do gran sur, coas embarcacións de Tirán, Mecos ou Amegrove.

Pontevedra repartiríase tódolos galardóns importantes de non ser pola puxanza e esforzo dos de Oleiros.

Este ano toca pelexar polo campionato galego. E se miramos un pouco máis lonxe, polo nacional, onde hai que supera-las embarcacións cántabras. E se nos poñemos a

soñar, tamén queremos-la lexendaria Bandeira da Concha. Ou, alomenos, repetir a actuación de hai uns anos, cando Perillo se impuxo na tanda de consolación e conseguiu un increíble quinto posto. O único seguro é que o darán todo en cada unha das competicións.

Especialmente na **Bandeira de Traíñas que se celebrará na praia de Santa Cristina**. Alá polo 25 de xullo, estarán máis motivados ca nunca, e co apoio dos moitos amantes do deporte na auga cos que conta no noso Concello de seguro que farán un gran papel e poderán deixar o trofeo na casa.

Ano a ano aparecen en Oleiros novos talentos para o remo galego. O Club de Regatas Perillo e o Concello traballan en conxunto e arreo para que a tradición perdure e conseguí-los éxitos coa xente da casa. A canteira de Oleiros é unha das mellores fábricas de remeiros no panorama galego. O deporte do remo está moi vencellado ó auxe do deporte recreativo e de actividades na natureza e tempo libre, froito da necesidade da xente de buscar sensacións de liberdade, conciencia ecolóxica e diferenciación sobre os referentes clásicos de actividades deportivas.

Tamén deporte competición

Fútbol

■ No mes de xullo, o fútbol tomouse un descanso despois da intensa actividade de todo o ano. Non foi máis dun mes, porque en agosto volven os xogadores ós campos. Os equipos modestos de Oleiros disputan unha competición amigable que determinará o campión oficioso destas terras. O torneo, que lles servirá para apuntalar a pretemporada, farase durante varios fins de semana do verán ata chegar ó derradeiro sábado de agosto, no que se disputará a final. Moita sorte.

Patinaxe

■ O mes de agosto tamén será testemuña dunha peculiar proba. O trofeo de patinaxe de velocidade; é o momento de saca-los patíns, ese medio de transporte tan axeitado para o verán e practicar un pouco. O conto será imitar a Sheila Herrero, a máis rápida sobre os patíns, que suma catorce títulos mundiais.

Chave

■ Moito máis asequible que a patinaxe, o triatlón e mesmo o fútbol é o deporte da chave, onde a precisión o é todo. No mes de setembro terá lugar o Trofeo de Chave do Concello de Oleiros.



Chegan os «homes de ferro»

■ O triatlón é unha fermosa especialidade deportiva onde se mesturan forza e resistencia para completar un brutal percorrido. De feito, os triatletas foron bautizados co nome de «Iron Man» (Homes de Ferro) polas extraordinarias condicións físicas que debe ter unha persoa que pretenda adicarse a este deporte.

Con diversas variables, os intrépidos compiten sobre distancias que chegan ó quilómetro e medio a nado, corenta quilómetros en bicicleta e outros dez de carreira. Así se fai desde que ós marines da base de Hawai lles deu por inventarse un entretemento co que “matar” as moitas horas de tempo libre das que dispuñan.

Galicia está vivindo un aumento no número de triatletas, en boa parte gracias á labouira e fama que acadou Iván Raña, un rapaz de Ordes que chegou ó quinto posto na derradeira cita olímpica.

A proba celebrarase en Santa Cruz o sábado, 7 de setembro. Participarán moitos deportistas federados, pero tamén está aberta a tódolos veciños que estén dispostos a comprobar cales son os límites do seu corpo.

Novas obras para máis deporte

■ Oleiros Campo de fútbol

O Eduardo Pardo Conchado está a acondicionarse unha vez adquirida a finca para a ampliación do terreo. Están facendo recheo, drenaxe, peche de malla metálica, etc. para quedar listo a próxima tempada. Costa a obra 106.000 euros (17,6 millóns pts.)

■ NOS Campo do Hércules

Habilitanse os vestiarios deste campo, ademais dos aseos e péchase de malla e outras melloras, por valor de 45.400 euros (7,5 millóns pts.)

■ O Seixal, Dexo

Pistas polideportivas

Están pechándose de malla, para a maior comodidade dos usuarios. Costan 48.781 euros (uns 7 millóns pts.).

■ Oleiros e Mera Pintado

Están a pintarse o pabillón da Rabadeira (en Oleiros) e as pistas do Colexio Luis Seoane, en Mera, por valor de 35.000 euros (5,8 millóns Pts.).



■ Nos e Os Regos

Pistas polideportivas cubertas

Estas dúas pistas polideportivas cubríronse recentemente para poder ser utilizadas tamén no inverno. Cada unha delas leva unha estrutura de madeira, sobre a que se soporta o teito



O Miñato

Escolma de 8 rotas para coñecer Oleiros elaboradas pola Casa da Xuventude

Camiñando por Oleiros | 2

Os pazos




A Anduriña

1 Comeza o noso camiño xunto á igrexa de Santa Aia de Liáns. Construída no século XVII é un dos poucos exemplos do barroco rural do Concello. A súa fachada e a cúpula interior son os seus dous elementos máis salientables.

2 Continuamos a través de carreiros e pistas forestais. Desta maneira pasaremos polo Antigo Camiño Real cara As Pedreiras. Pouco despois chegaremos Miguel Hernández, xa na entrada do núcleo de Oleiros.

3 Adicaremos un rato a pasear por este lugar, que acolle un bo número de sorpresas para os amantes da arquitectura. Unha vez contempladas e disfrutadas todas elas, continuaremos o noso percorrido. A Casa Charry é unha das máis características de todo Oleiros. Construída a finais do século XIX, foi adquirida polo Concello á familia Charry en 1987. A Casa do Concello, a Quinta Canaima, a Casa dos Rivera ou o Pazo Miraflores son outros lugares que non podes perderte. Algúns deles son propiedade particular. Saíndo de Oleiros aínda temos a ocasión de contemplar o Pazo da Torre. Máis adiante agárdanos Iñás.

4 Iñás tamén merece unha detida visita que preste atención ao seu casco antigo e ao pazo de Arenaza, construído en 1850. Na actualidade, Arenaza serve de Fogar da Terceira Idade. A xente maior de Oleiros percorre así o mesmo patio e as mesmas salas que habitaron os señores de antano.



5 Polas rúas da Vila de Espoz i Mina dirixímonos ao Pazo de Fontes. Tras pasar xunto a este voltaremos á campiña, e de novo camiñaremos por pistas e carreiros.

6 A campiña oleirense sufriu profundas modificacións co transcurso do tempo. As construcións típicas dunha economía agrícola-gandeira deixaron lugar a novas edificacións como as vivendas unifamiliares de poucas plantas ou mesmo as urbanizacións. A flora e a fauna silvestres que atoparemos ao noso paso, aínda que determinadas por estes cambios, segue sendo en liñas xerais a mesma que a do pasado.

10 Antes de chegar de volta ao noso punto de partida debemos dar unha volta polo casco antigo de Montrove. Despois basta con pasar xunto á Casa do Pobo e pola Rúa María Pita.

9 Continuamos pola rúa Ginés de los Ríos ata a N-VI. De seguido tomamos un desvío á esquerda para tomar a rúa Salvador de Madariaga, que nos levará ata a capela de Montrove.

8 Xusto despois da Igrexa de San Pedro de Nos desvímonos á dereita para entrar na Praza da Liberdade, á que daremos a volta para desembocar na rúa do Sol. Máis adiante, a través da rúa de Marte, chegaremos á Praza do Vilar, unha das máis fermosas de Oleiros e de toda a comarca.

7 Pouco máis adiante agárdanos o Castro de Sarro, pouco excavado, e que sen dúbida agacha moitos segredos do máis remoto pasado oleirense. Pola senda peatonal da urbanización Xardín de Nos chegamos a Nos e a súa Igrexa.

Árbores de Ultramar


Os pazos oleirense, e en xeral todos os galegos, acollen tras os seus muros e nos seus xardíns verdadeiros embaixadores vexetais de todo o planeta. Sempre é unha entretida actividade descubrir algunhas destas especies de árbores. Aquí amosamosche as follas de cinco delas. Verás cómo é moi sinxelo.

Ginkgo É a especie de árbore máis primitiva do planeta. Fai 200 millóns de anos crecía por todo o mundo. Hoxe só sobrevive de forma seminatural na china.



Castiñeiro de Indias É oriunda de Grecia de do Mediterráneo oriental

Árbore do amor De procedencia mediterránea, a explosión da súa floración rosada destaca sempre en calquera parque ou xardín.



Tulipeiro Árbore norteamericana de fermosas frores amarelo-laranxas.

Caqui ¿Quen non coñece o seu delicioso froito da cor do sol? Chegou de China no século XVIII.



O rexurdir de San Cosme

San Cosme de Maianca é unha feligresía anexa a San Xulián de Serantes. Dista pouco máis de catro quilómetros de Oleiros e ocupa as terras de Broño, Cabreira, Maianca e Mera. Esta igrexa ten a súa orixe nunha pequena ermida adicada a San Cosme, construída en datas anteriores ó século X.

■ *Os ferigreses aportaron os donativos necesarios para que a igrexa non se viñese abaixo en 1979*



Almanzor, como todopoderoso valido do califa Hisam II, fixo seu o arte da guerra durante os vinte e cinco anos nos que arbitrou a política de Al-Andalus. Desde o ano 977 ata a súa morte, alá polo 1002.

Nese tempo sobrepasou, por cantidade e pola importancia dos seus obxectivos, o estricto cumprimento da Yihad, guerra santa e deber de todo soberano islámico. Cabalgou por toda a Península deixando a impronta da súa espada presta e da fortaleza dos seus exércitos.

Conta a lenda que a ermida de San Cosme de Maianca foi asolada no ano 997 polo guerreiro Almanzor, que baixou por Broño, derrubou a igrexa, deu de beber ós seus cabalos na pía bautismal e dirixiuse logo á praia de Mera. Quen sabe se foi algo máis ca unha lenda.

Case que dez séculos máis tarde, a igrexa estivo nun tris de toca-las campás de morte.

Non ocorreu por causa dun conquistador, senón polos rigores da idade e o abandono. Unha das xoias arquitectónicas máis antigas de Oleiros estaba preparada para da-lo seu derradeiro suspiro. Pero antes de que ocorrera tan fatal desenlace, os feligreses de Maianca negáronse a asumilo fin dos seus días. E aportaron os donativos necesarios para sacala do estado ruinoso.

Empezou a converterse no que é hoxe. Don Manuel Rial, párroco de Serantes e Maianca, na supervisión dos traballos. Mariano de Goya y Fernández Ladreda, pertencente á quinta xeración do pintor Francisco de Goya, aportando as solucións arquitectónicas.

Precisamente, a Mariano de Goya débese a aportación das cruces das ordes militares, gravadas e pintadas, e as táboas pintadas do presbiterio, situadas a ámbolos dous lados do sagrario.

Un 23 de xuño de 1979

remataron as obras de restauración e ampliación. Cos sons do organista José Lorenzo e as cordas vocais da Coral de Bergantiños, o daquela bispo auxiliar de Santiago, Don Antonio María Rouco Varela, bendiceu a nova face da ermida.

Co pasar do tempo, esta valiosa peza arquitectónica foi gañando en bonitura. Sobre todo coa adecuación do entorno. O último pulo deullo o Concello cando decidiu adquirir os oito ferrados que rodean a igrexa para habilitar unha zona axardinada que fai de San Cosme de Maianca un lugar idóneo para a reunión en romería.

Á súa fermosa concepción arquitectónica únese unha paisaxe privilexiada. Enfronte da igrexa, que está orientada cara o Oeste, érguese un monte dun cento de metros de altura, antigo castro celta, que noutros tempos se comunicaba con ela.

Un santuario «de reciclaxe»

En Maianca demóstrase que a moda esta de aproveita-las cousas non é cousa nova. Na fachada norte atópase un gran pórtico sostido por catro columnas. Estas, xunto coas dúas da entrada principal, pertencían a un hórreo antiquísimo. Trouxéronse da finca «O Curro» de Maianca, que pertencía á familia Botana.

Os fustes corresponden ós pés do hórreo, e as basas ós tornarratos. As vigas que sosteñen o teito deste pórtico tamén tiveron outro uso con anterioridade. Eran antigas travesas da estación de tren de A Sionlla, punto ferroviario cercano a Santiago. Francisco Aguiar foi quen as aportou.

Nun principio, o cruceiro tiña mesa e escaleiras de pedra. Agora, no lugar dos chanzos, ten como base dúas pedras de muíño doadas pola familia Golpe.

Papeis e cartóns, **ó caixón azul**

Vidro ó iglú verde

Restos orgánicos, **ó contedor de tapa verde**

Inertes, **ó contedor de tapa laranxa.**

Pilas nas Casas do Pobo ou establecementos colaboradores

Lembra!

- Non tire-lo lixo os sábados nen vésperas de festivos
- Respete os horarios (entre 9 e 12 da noite)

Un servizo municipal xestionado polo Consorcio As Mariñas. Tlf. 981 783 455